XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1985

ADEMIA
GA
RUÑA
09
teca

En portada: LAXEIRO. *Losada Diéguez* (Museo de Pontevedra. Sala da Polifónica)

Donativo do Sr. Dónega 1674

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
35109
Biblioteca

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CORUÑA

1985

Depósito Legal: VG. 115 - 1985

I. S. B. N.: 84 - 600 - 3921 - 8

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ
1884 - 1929

PRÓLOGO

Escudo dos Losadas na Pazo de Laxas/ LOSADA FILGUEIRA

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

A nosa Real Academia escolle este ano, para que sexa conmemorado no "Día das Letras Galegas", o nome de Antón Losada Diéguez, un dos persoeiros da xeración "Nós". O centenario da súa nacencia, celebrado o ano anterior, foi para moitos unha revelación, pois non coñecían a fondo o que sinificara na vida do esprito, o seu infruxo e a vixencia do seu esforzo. Cumpre, deste xeito, a Corporación unha doble obriga: a que ten cun galego egrexio e con un dos seus membros, pois foi elexido Correspondente no ano 1928, e non chegou a ser Numerario porque finou no ano seguinte, cando se postulara o seu nome para a cadeira vacante do poeta Barcia Caballero. Agora esta homaxe é coma unha simbólica incorporación.

UN "GALEGO ENTEIRO"

Losada Diéguez foi enteiramente galego. Xa dende as raiceiras das súas liñaxes, que se alongan por toda a Terra, dende o Sil ó Faro

e ó Ribeiro, das Mariñas ás Rías Baixas. Sen fachenda, podía lembrar o que contaran na nosa historia os Losadas e os Diéguez, os Arias Teixeiro, os Viveiros, Lemos, Pugas, Pimenteles... Home de ceder ou esquecer marquesados, albiscou, dende moi cedo, as obrigas dos seus, afíxose ós máis variegados horizontes xeográficos e soupo da vida dos pazos e dos traballos e os días da xente labrega e mariñeira. En Moldes ou en Laxas, en Herbedeira ou en Cascaxide, en Bóveda, na Ramallosa ou en Domaio.

Se non ten afondado dabondo na impronta que deixou en moitos escritores galegos este vivir en lugares distintos e distantes, esta fraterna convivencia, en eiras e lareiras, cos criados e cos seus fillos, a participación nas súas angueiras e o adeprender deles a fala, as tradicións, a memoria histórica...

Foi un home "familiar", membro dunha xenia onde se sinte a solidaridade cos máis lonxanos parentes e que sabe convertir en xente "da casa" ós servidores e ós amigos. A verba "íntimo" val etimolóxicamente como "interior". El tivo o don de "interiorizar". E polo que dí a ese acollimento das esencias da galeguidade, era, e sigue sendo, todo un arquetipo o solar de Vilancosta, onde os Valladares e os Espinosas souperon manter acesa a lumieira do amor, o estudo e o cultivo da fala. E o de Boborás, onde toda lembranza faise xurdia e viva.

A FORMACIÓN

Losada formouse tamén na circia escola da door. Perde a naiciña ós catro anos e o irmán ós sete. Mórrelle a primeira dona, recén casado, cando nace o fillo... Vive anos de soedade: interno no Colexio de Camposancos ou en Deusto, en Madrid... Sufre desenganos nos primeiros pasos da vida profesional e na política. Nembargantes foi sempre un home de esperanzas e soupo sementalas nos demais, ca fe no ideal e no porvir.

Dos tempos de rapaz quedáralle, a máis de aquela experiencia da vida aldeá, o coñecemento dos mociños chegados de tantos sitios ós centros onde cursaba, e o saber da natureza ou do pasado en mestres como Merino, Argüelles, Gómez... Coñecería o Portugal fraterno nos días de A Guarda; vería confirmadas as ideias dos seus antre os compañeiros vascos. Sabería das novas roitas sociais, do achego ó peculiar, do anovamento da Estética e da Filosofía. Amigos como Irigoyen, Herrera, Mella... ofrecían novas perspectivas para o herdado tradicionalismo. En Madrid acharía tamén unha rolda de galegos guieiros: Manuel Quiroga, Xavier Sánchez Cantón, Iglesias

Vilarelle... Tertulias, concertos e teatro, o "Tristán" os "ballets rusos", o modernismo...

O RETORNO A GALICIA

Xa no 1907, dende os pazos familiares, loita polo agrarismo, alicia a formación de sociedades e cooperativas, anda nas campañas anticaciquís da prensa local. Cursa Dereito en Compostela; apenas o exercerá nalgunhas consultas do despacho de Ferreirós ou no Tribunal do Contencioso en Pontevedra. Escomenza a profesa-lo ensinio como Auxiliar do mestre Cotarelo na Cátedra de "Lengua y Literatura Española". Oposita no 1911 á de "Teoría de la Literatura y de las Artes" de Salamanca; aproba sen plaza. Pouco despois logra a de "Psicología, Lógica, Ética y Rudimentos de Derecho" en Canarias. Ten que ir a Toledo, para permutar con Eloy Luis André un destino na Galicia, o de Ourense.

A ETAPA OURENSÁ

Entre o 1914 e o 1919 vai vivir o "Ourense perdurable". É acollido con agarimo. Chega co prestixio familiar, co creto de recentes campañas... Acaba de publicar a tese sobre Calderón. Trunfara en duras oposicións. É un renovador e un esprito afincado nun "ontes" vizoso, un inadaptado máis, socialcatólico e galeguista. Son os tempos das tertulias da Comisión de Monumentos presididas polo humanismo de don Marcelo Macías —"¡y hasta el manteo que sobre él es toga!"— e da elegancia culturalista de don Xulio Alonso Cuevillas. Xurde o Ateneo no que vai dar varios cursos. Risco era un "raro"; deixaba entón a lectura de Niestzche pola de Madama Blavatsky; que lle emprestara a "Isis" a Marquesa da Atalaya Bermeja. Tardaría anos en fundar a revista neosófica, onde proclamaría o seu "Preludio a toda Estética Futura". López Cuevillas, dandy intelectual, aínda non descubrira a nosa Prehistoria Galega. Otero Pedrayo era xa todo un mestre, mais non daría a súa primeira lección en galego deica o 1921. No mesmo ano en que sai "La Centuria" —tan lonxe do galeguismo—, ingresa Losada nas "Irmandades da Fala" e presenta a Cambó en Ourense. É o ano 1917. Non tardará en "convertir" á rolda de amigos ó sentimento e á defensa de Galicia e á laboura nos eidos da súa cultura. E asemade a hora da política, porque preside a Asamblea das "Irmandades" e vaise presentar a Diputado a Cortes pola Estrada nada menos que contra as forzas de Riestra. A derrota electoral importa ben pouco. O que conta é que soupo dar unidade e ideal á xeración "Nós". A publicación con este tiduo escomenza no "Noroeste" da Coruña, en 1918, xa ca presencia de Castelao e de Ca-

Caricatura de Losada polo violinista MANUEL QUIROGA

banillas. Será no 1920 cando se forme a "Sociedade Galega de Publicacións Nós" e cando saia o "Boletín Mensual de Cultura Galega". Daquela xa está Losada en Pontevedra. Se en Ourense fora o cabezaleiro do grupo formado por Risco, Cuevillas, Otero Pedrayo, Noguerol, con Cabanillas e Castelao, agora, dende a "boa vila" ha ser o mestre da outra xeración de mozos que denominamos do "Seminario de Estudos Galegos", chamada a recoller aquela xurdia herdanza.

LOSADA EN PONTEVEDRA

Losada Diéguez chega a Pontevedra no 1919. Xa era coñecido; recordábase a súa conferencia nove anos denantes, no "Círculo Católico de Obreros" que agora ía presidir. Está moi perto a campaña electoral da Estrada; os adversarios de entón téñenlle agora o meirande respeto e mesmo cooperarán cas súas mellores iniciativas. Aquí atopa parentes e amigos: Ferreirós, Castelao, Iglesias Vilarelle, Claudio Losada... e renova a amistade con Manolo Quiroga e con Sánchez Cantón, nas súas curtas moradías. Aquí pode refacer o seu fogar casando ca irmá da primeira muller, Mercedes, tan encantadora como Albina; aquí nacen os fillos do novo casal. O claustro do Instituto ten mestres eruditos e sabidores do pasado e das ciencias da natureza. E fai amistade con discípulos, entre os que se conta quen ten a honra de trazar estas evocacións. Móvese nas roldas de xente inqueda como o "Karepas", no das nacentes "Irmandades" e tamén nos eidos da "Acción" e das "Juventudes Católicas". A súa

presencia anótase tamén na área do deporte: preside o "Club Eiriña" no seu mellor momento.

O seu paso pola Diputación Provincial, como Vicepresidente, na etapa de La Sota, de boa recordación, foi curta mais deixou fondo ronsel: pensións de arte, entendimento ca "Junta para la Ampliación de Estudios", Misión Biolóxica, beneficencia... Aínda despois da renuncia, tras do fracaso do intento de Mancomunidade Galega ó xeito catalán, sigue prestando a súa axuda a novas iniciativas, entre elas ó Museo de Pontevedra, do que é Patrono Fundador. Foi tamén un dos iniciadores da "Sociedad Coral Polifónica", con Blanco Porto, Iglesias Vilarelle e Castelao, e o seu primeiro Presidente.

O "Nós" do primeiro de febreiro do 1923 daba conta de outra importante fundación: "Ó redor do fervente galeguismo de Antón Losada Diéguez, Profesor do Instituto de Pontevedra, formouse en aquela cidade unha Xuntanza de Estudos na que traballa un fato de rapaces cheos do máis grande amor á Terra". Anota que Sampedro Folgar, ca súa sabencia, dá quentura ó movimento "ó que tamén leva a súa axuda artística sempre baril e enxebre Alfonso Castelao", que comunicaba a creación nunha afervoada carta a Sánchez Cantón. Os mozos éramos Pintos Fonseca e máis eu, cos nosos dezaséis anos recén cumpridos. Os maiores Iglesias Vilarelle, Tabucho Pintos, Pepe Lino... Losada alicia a Castelao para o traballo dos "Cruceiros" —véxase o número seguinte do "Nós"—. O 12 do outono do mesmo ano un fato de mociños fundamos en Compostela o "Seminario de Estudos Galegos", que acolle na súa segunda reunión á "Xuntanza" pontevedresa. No 1924 ingresa Losada, que participa de xeito moi activo na Segunda Xuntanza Xeral, celebrada en Pontevedra, no 1928, e que orgaíza e guía a "Xeira" polas terras da súa benamada "bocarribeira" do Ribeiro, polo Orcellón e bisbarras do Carballiño. Con el andivemos mozos e vedraños, a pé, aquel fermoso chan, de pazo en pazo, de freguesía en freguesía.

Noutra iniciativa pontevedresa participou Losada. No 1922 emproaba a saída de unha publicación periódica de curta vida, da fasquía de "Terra a Nosa", da "Céltiga" de Quintanilla, do "Lar" de Carré e Casal, do "Libredón" de Prado ou da "Galaxia" ourensán. Chamouse "Alborada", rexiuna Vidal Martínez, con Manuel Cabanillas. Publicou "O Cabaleiro do Sant-Grial", a "saga" de Ramón, "Camiñantes" de Losada, "Maliaxe" de Amado Carballo e un fermoso número misceláneo de prosistas galegos, con ilustración de graburas en linóleo. De maneira que tamén o mestre se axunta nesto ó re-

xurdir do arte dos grabadores galegos, que promovían Sobrino e Castelao.

Noutro terreo, non tan doado, traballaba sempre: no da entrada da lingua galega nas pregas, na liturxia e nos ensinios da Igrexa. Na súa casa botáronse os alicerces da "Deus Fratresque Gallaetiae", creada para estes fins, alí se dispuxeron as edicións de estampiñas e de follas como as dos versos de Ramón Cabanillas, alí escomenzamos as traduccións de misas, evanxeos e haxiografías...

Tamén na casa da Praza de Teucro trazouse a Exposición do "Nós", a saída da "Galicia" de Paz Andrade, os ciclos de leccións e conferencias onde por primeira vez falaron Otero e outros persoeiros do grupo, as excavacións de Montealegre, o "Informe" do Castro de Vigo, o "Nomenclátor de topónimos de valor arqueolóxico"...

E alí morreu, o día 15 do outono do 1929. Poucas veces terá sentido Galicia máis fondamente a perda irreperable do pasamento dun "irmán" que se entregara, en todo, a servila.

LOSADA E AS LETRAS GALEGAS

A adicación a Losada da xornada das "Letras Galegas" é o recoñecemento do seu tributo ó cultivo, ilustración e defensa da nosa lingua. Porque, mestre no exempro da súa vida, no xornal, na cátedra... filósofo, arqueólogo, político, non somentes cultivou tódolas formas literarias senón que puxo a súa dialéctica ó servicio do emprego do idioma de Galicia, na prosa, na ciencia, no ensinio e na liturxia, cando moitos coidaban que era un esmorecente dialecto rural.

Mágoa grande que, coma outros grandes galegos —poñamos por caso o P. Sarmiento—, fose "ineditista", disconforme sempre co traballo propio, desbotador de orixinais. A veneración familiar polos seus traballos logrou salvar ben poucos.

A LÍRICA

Coñecemos contados poemiñas de Losada. Abondan, noustante, para testemuñar a aptitude para a lírica, fondamente sentida e servida pola aptitude musical e por un longo "pensum": preferencias por Virxilio, mellor que por Horacio —do que gababa moito a versión galega de García Mosquera—, gosto polos "stilnovisti", polo Petrarca e o Dante, por Leopardi e Fogazzaro. Viríalle do herdo de aqueles devanceiros seus que vían en Galicia unha nova Toscana e facían construir o único pazo que ten xeito de "villa" palladiana, o de Bóveda de Limia. Apracíalle a poesía filosófica: de Goethe a Ma-

ragall. Gostaba da portuguesa, de Anthero, de "Os Simples", de "Maranos". Dos galegos, Rosalía, Valle-Inclán, Cabanillas e moito de Noriega: lembremos que fixo editar, con Risco e Noguerol, "Do Ermo", en Ourense, no 1920, con portada de Castelao. Ven adicada a el a punxente poesía social "Nuns farrapos".

Sempre moi lonxe da grandilocuencia. Inxel, intimista, manseliño. Na temática do que coñecemos, o "topos" conductor é o do tempo fuxidío. Gostaba de glosar a Ausonio, "De rosis nascentibus": a folla que cai, levada polo vento, a rosa desfollada, o soño imposible... Metro preferido, o octosílabo, en coplas de catro versos.

A NARRATIVA

Os relatos curtos de Losada oferecen interés pola calidade literaria, polo pensamento e pola fala. Dous foron escritos para a publicación pontevedresa "Alborada". Un deles, "Camiñantes" xurdíu, como el mesmo confesa, no engado dos roibéns dun solpor de Domaio; recentes as lecturas de contos e poemas célticos, sobre todo "Os fillos de Lir" de Jacobs, mais tamén de outras refendas de Joyce, Macleod e mesmo do "Barzaz Breiz", e dunha novela de Reynes Monlaur. Naquela década inzou un atlantismo celticista, postpondaliano, nas xentes do "Nós" e nos que fumos os seus seguidores: ensaios e versións de Risco, sagas de Cabanillas, traduccións de Louey Chisholm por Fernández Barreiro, traballos comparados de Prehistoria e de Folklore. Os nomes dos protagonistas responden tamén á simboloxía gaélica.

Na refenda, os homes das migracións célticas camiñan de Oriente a Occidente, tras da roita do sol, que se deita cada serán, chamándoos a iren máis lonxe. Lin e Gael asentan en Galicia; a súa irrequieta xenia navegará á descoberta da Irlanda e, pasádolos tempos, emigrará ó Mundo Novo. E mesmo alá sentirá a saudade das brétemas nativas e tornará os ollos cara o esprito da Terra, por riba das ondas do mar, "espello de tódolos camiños, camiño de tódolos pensamentos".

O conto "Amañecer" ten por fondo a paisaxe da Ría de Vigo, que o enmeigaba. Encara a vida de unha inxel rapaza, Dosinda, criada ca vella aboa, requerida por tódolos mozos da bisbarra... A nai emigrada retorna e quer levala consigo á fartura mundana das cidades, coma outra "Domeadora". A morte da mociña é unha liberación. Unha vez máis, Losada opón a encarnación nas raiceiras da vida natural, agraria e mariñeira ós engados "civilizadores" das vilas mortas.





1. R. OTERO PEDRAYO	10. B. F. OSORIO TAFALL
2. A. LOSADA DIEGUEZ	11. I. PARGA PONDAL
3. F. LOPEZ CUEVILLAS	12. A. MORALEJO LASO
4. VICENTE RISCO	13. X. CARRO GARCIA
5. R. CARBALLO CALERO	14. S. CABEZA DE LEON
6. X. FILGUEIRA VALVERDE	15. X. ARIAS SANXURXO
7. S. GONZALEZ GARCIA-PAZ	16. X. ALVAREZ LIMESES
8. L. PINTOS FONSECA	17. X. NOVAS GUILLAN
9. A. FRAGUAS FRAGUAS	

Noutros relatos achégase Losada á narrativa curta de remate punxente na que facíamos camiño ó paradigma das "Cousas". "Conto sinxelo" entra no mundo deportivo dos boxeadores, coma un "exemplum" de novo xeito onde se opón ó esprito da forza a forza do esprito. Kupper, o veterán loitador, déixase vencer cando mira nos ollos do rival, Alexis Karbin, o signo da anguria e do desespero. Na derrota é un vencedor.

Outra parábola, de contido social, "Queixumes", espella a vida do home que, forzado ó traballo cotián, non ten tempo nin para se laiar das doores dun fogar doente.

Das "Memorias de Víctor Nadal", autobiográficas leeu un capiduo na "Festa da Prosa Galega" de 1927.

O TEATRO

Losada era moi afeizoado ó teatro, en contraste ca sinxeleza, a anti-espectacularidade da vida e da obra. Participaría en representacións "do colexio", comporía, dende moi mozo, inxenuas pezas breves, asistía moito... e mesmo escribíu algún artigo chamando á xente, ás funcións de titiriteiros ou "cómicos da légoa".

Soio temos o primeiro acto de unha obra galega na que puxera moito empeño, "A Domeadora". Falábanos arreo dela, e mesmo nos lía e comentaba anacos. Desexaba unha posta en escena por aficionados pontevedreses baixo a dirección de Blanco Porto e con decorados de Castelao...

É un "folkdrama" que se inscribe no teatro simbólico do que chamaríamos "naturalismo-idealista", tan aquecido ó ambiente dos pazos que ten nas letras galegas unha liña que arrinca de Rosalía e sigue pola Pardo Bazán, a Valle-Inclán, Cotarelo, Carballo, Elena Quiroga...

Obra en doble plano, interferido, señorío-pobo, onde "A Ceguiña" encarna, co seu Prólogo, en "off", a chamada da tradición; "Chinto" o mozo rexo e baril, a Natureza non luxada; "Catuxa" está namorada del e xurde "A Domeadora" para levalo lonxe e pervertilo. Cosmópolis, a cidade, está representada polas xentes foráneas que chegan ó arredado pazo da montaña: Fany, a dona fermosa e ceibe, "nada en ningures, filla de ninguén"; Luisa, a frívola divorciada; o médico, Guillermo; Enrique, o inxenieiro; Adolfo, o "sportman" envellecido... Hai tamén un paradóxico símbolo da sabencia popular, "un parvo que coma tódolos parvos é máis sábeo que os sábeos".

Fany namórase de Chinto e proponlle que, en lugar de emigrar a América, para se poder casar na aldeia, entre ó seu servicio e marche con ela.

Non temos máis que esa presentación de xentes, de ambientes e de acción. Estamos diante unha versión galega, e dos anos vinte, da tensión Pigmalión-Galatea, de tan longo regueiro artístico, na variante de que sexa unha muller a que queira esculpir, "domear" ó seu xeito, a un mozo.

Pode preverse que o segundo acto se desenrolase na cidade onde Chinto é domeado. E que no terceiro se dera o retorno, de Cosmópolis á aldeia, desfeito ou disposto a refacerse atopando a Catuxa que o agarda, ou xa casada con outro. Coido que o mesmo Losada duvidaba no final.

Non é mester suliñar o influxo do teatro de "Irish Literary Theatre" e de William Butler Yeats, o seu fundador. Os irmáns Villar Ponte e Plácido Castro deron versións galegas de dúas obras súas. "Cathleen in Houlihan", que se estrenara no 1902, foi publicada en galego no "Nós", en 1925; "The Land of Heart's Desire", co tiduo de "O país da saudade", no 1935. O achego de Lousada á primeira dase mesmo na escolla do nome de "Catuxa" para a moza namorada. Non pode esquecerse que Yeats, dirixíndose a Lady Gregory, escribira: "'Cathleen' é a Irlanda, a Irlanda en cuio honor tantas leendas e tantas cantigas se teñen feito; e polo rexurdir dela moitos homes deron a vida".

A PROSA GALEGA: O ENSAIO

Para ponderar o rol de Losada e da súa xeración no traballo da prosa galega abonda lembrar os precarios precedentes. Agás de escritos de circunstancias —cartas, conversas, manifestos, proclamas, prólogos...— o emprego na Historia escomenza con Francisco María de la Iglesia (1886); a primeira novela, por certo de Valladares, familiar moi ademirado por Losada, impréntase no 1880; o primeiro drama será do 1882 e os discursos académicos do 1891. Polo que dí á prensa, a primeira publicación periódica de longa vida iníciase no 1876. E que Losada morreu sen escoitar un sermón ou unha homilía en galego.

Foron fitos senlleiros no desenrolo da Lingua a creación da nosa Real Academia, a do "Nós" e a do "Seminario de Estudos Galegos".

A "Teoría cuasi trascendental da velocidade", publicada no segundo número do "Nós", en 1920, fora un exemplo inicial do em-

prego da fala como expresión filosófica. Catro anos despois, no Discurso de ingreso no "Seminario", prantexaba a tese do exercicio do galego, de cheo, en tódalas formas literarias e da súa aptitude para o ensaio e toda a literatura "do pensamento" e da ciencia. Comenzaba lembrando o contrasto entre o florecimento medieval e a posterior careza. Rexistraba os síntomas de anovamento. Respostaba ás obxeccións que se opoñían, ós impeitizos, cos seus posibles remedios. Podía xa aportar mostras cercanas de Viqueira, Aznar, Risco, Castelao, Cuevillas e Otero. E, por amostrar a posibilidade de encarar o idioma vernáculo cos máis recentes avances da Filosofía, lía a tradución do ensaio sobre "Spazio e tempo" de Ludovico Necchi, sobre a teoría de Einstein encol da relatividade.

Polo que dí á prosa periodística de Losada, tan áxil e vibradoira, o emprego da lingua de Galicia escomenza polo 1918, cas xeiras das "Irmandades", está presente nos artigos de "A Nosa Terra", como despois en "Nós" dende o 1920, na "Galicia" de Paz Andrade ou en "Acción" onde saíron os derradeiros.

AS LIÑAS MESTRAS DO IDEARIO

Hai unha moi fonda coherencia e unidade no pensamento de Losada ó longo da súa vida, en tódolos xeitos de expresión: a conversa, a carta, o artigo, a lección de cátedra, a conferencia, a arenga electoral... No Centenario téñense suliñado as liñas da "Teoría" e da "Praxe". Quería asentar con forza os pés na Terra, para mellor mirar ó ceo: galeguidade e religación; eis as dúas axes. Galicia, coñecida nos seus recantos xeográficos e históricos, vivida en tódolos ambientes, espellada na fala, agarimada en soños do porvir. Galicia como Natureza e como Memoria. Como unha oración redecía o "Cant Espiritual". Relixiosidade cristián, sincera, vivida, dende a piedade á moral e á interiorización da doutrina. Aquecíalle o pensamento agustiñán, e doíase do seu desleixamento, sen que rexeitase o neotomismo. Gabábase da súa parentela con Spinoza, e aquecíalle a ideia da Natureza-naturante. Como Castelao ou Ramón Cabanillas, non era panteísta, senón, sinxelamentes, "franciscanista" e vivía nunha perenne "Cántiga das Criaturas". Ademiraba a "pureza" como forza do esprito. Comentaba a Bergson e a Einstein, houbera querido que Amor Ruibal rematase o deliñamento do correlativismo. Catolicismo-social, cunha lectura galega da "Rerum Novarum": cooperativismo agrario, loita contra as inxusticias. Ideario político: o das "Irmandades da Fala", impostado sobor do legado tradicionalista familiar. Vida concorde co pensamento, entregado ó servicio dos demais.

Para rematar, unhas xurdias verbas do mestre Otero Pedrayo:

"Non teño coñecido persoalidade de semellante forza suxestiva. Foi lóxico que apenas escribira nada quen alentaba con tan calmo e custante entusiasmo na aitoalidade. O escribir supón un tempo restado do devalar da vida. Losada vivía cada intre, de se iniciar, rubir e cristarecer a onda de cada minuto. De terlle El-Señor concedido máis anos de vida houbera escrito a historia do seu tempo. Dos homes, dos momentos, das espranzas, con un xénero de gozo inteleitual remanecido da súa fe relixiosa e da súa fe galega."

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

CRONOLOXÍA DA VIDA E DA OBRA
DE
A. LOSADA DIÉGUEZ

Datas	*Anos de edade*	
1884		Nacemento: Pazo de Moldes. Boborás. 22, Nadal, 1984. Pai: Miguel Losada y Losada. Nai: Carmen Diéguez Arias.
1886	2	Nace o seu irmán Xosé.
1888	4	Mórrelle a nai.
1891	7	Morre o seu irmán.
1894	8	Segundo casamento do pai.
1897	13	Alumno interno no Colexio dos Xesuitas de Camposancos. A Guarda.
1898	14	Soedade. Coida sentir vocación ó sacerdocio.
1899	15	Remata o Bacharelato, no Colexio. Pasa á Universidade de Deusto para cursar Filosofía e Letras.
1900	16	Amistades bascas. Carlismo. Catolicismo social. Galeguidade. Primeiro escrito en galego: un contiño recollido da tradición oral.
1904	20	Licenciado en Letras, pasa a Madrid, por facer o Doctorado. Amistade con Sánchez Cantón, parente seu, co violinista Manuel Quiroga, cos persoeiros do tradicionalismo.
1907	23	En Galicia. Nos pazos familiares. Campañas de agrarismo católico. Artigos en "El Estradense". "La Asociación Agrícola".
1910	24	En Compostela. Auxiliar da Cátedra de "Lengua y Literatura Española" do Prof. Cotarelo Valledor. Publica a síntesis da súa tese doctoral: "Simbólica e ideas filosóficas contenidas en "La Vida es Sueño". Cursa Dereito.
1911	27	Oposicións á Cátedra de "Teoría de la Literatura y de las Artes" da Universidade de Salamanca. Aprobado sen plaza.
1912	28	Novas oposicións, frustradas, á Cátedra do Instituto de Pontevedra.
1913	29	Mórelle o pai. Gaña cátedra de "Psicología, Lógica, Ética y Rudimentos de Derecho". Destinado a Canarias. Permuta por Toledo.

Datas	*Anos de edade*	
1914	30	Logra posto en Galicia, permutando con Eloy Luis André: Ourense. Estreita a amistade con mestres e cos escritores. Campañas da "Confederación Católico-Agraria".
1915	31	Casamento con Albina Espinosa Cervela.
1916	32	Nace o primeiro fillo, Antonio, e morre a súa dona. Cursos e conferencias no "Ateneo" de Ourense.
1917	33	Ingreso nas "Irmandades da Fala". Campaña cos políticos cataláns en Galicia. Presenta a Cambó en Ourense. Conferencia en Barcelona.
1918	34	Traduccións de poemas. Preside a Asamblea das "Irmandades". Política agraria moi activa na Estrada. Artigos en "La Región", "El Estradense", "A Nosa Terra"...
1919	35	Sigue a campaña política. Preséntase a Diputado. Manifestos. Derrota electoral. Escribe. "A sinificación profunda do galeguismo". Traslado por concurso ó Instituto de Pontevedra. Novas amistades.
1920	36	Segundo casamento, con Mercedes Espinosa Cervela, irmá da primeira muller. Fundación da revista "Nós". "Teoría cuasi trascendental da velocidade".
1921	37	Nace Miguel, o primeiro fillo do segundo matrimonio. Ponente na "Asamblea das 'Irmandades' ". Colaboracións en "Nós". Traballa na "Acción Católica". Preside o "Círculo Católico de Obreros" e o Club de Fútbol "Eiriña".
1922	38	Funda, na súa casa de Pontevedra, unha "Xuntanza de Estudos Galegos"; incorporada ó "Seminario" en novembro do ano seguinte. Traballos de Arqueoloxía, Filoloxía. Intento de un manual de "Historia de Galicia", revisando erros e pantasías. Ruptura nas "Irmandades". Participa na iniciativa do xornal "Galicia" dirixido por Paz Andrade, e na publicación de "Alborada", onde dá dúas narracións: "Camiñantes" e "Amañecer". Campaña dos Estudantes Católicos. Iniciativas do prego en lingua galega: "Deus Fratresque Gallaetiae".
1923	39	Nace Mercedes. Conferencias en Pontevedra e Vigo. Mostras da obra de Castelao. Colaboracións en revistas e xornais.
1924	40	Vicepresidente da Diputación Provincial que preside Daniel de la Sota. Xestións para formar unha Mancomunidade Galega. Iniciativas culturais, económicas e de beneficencia. Ingreso no "Seminario de Estudos Galegos": "Encol da Prosa Galega". Traduccións filosóficas. Nace Albina.
1925	41	Nace Xoaquín. Funda con Iglesias Vilarelle, Blanco Porto, Castelao... a "Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra". Primeiro concerto, o 9 de abril. Dimite do posto de Dipu-

Datas	*Anos de edade*	
		tado Provincial polo fracaso das xestións para a Mancomunidade. Vicepresidente do Congreso de Economía.
1926	42	Prepara as oposicións á cátedra da Universidade de Santiago. Excavacións na estación castrexa que descubrira en Domaio na quinta dos Espinosa.
1927	43	Xeira do "Seminario de Estudos Galegos" nas bisbarras do Ribeiro e Carballiño, dirixida por el. Primeiros síntomas da doenza. Patrono e Tesoureiro da Misión Biolóxica de Galicia. "Excavaciones de Montealegre. Domayo". Ed. pola "Junta Superior de Excavaciones". Madrid.
1928	44	Nace Luis. A "Real Academia Gallega" elixe a Losada membro correspondente. Primeiras xestións a prol da fundación do Museo de Pontevedra. Actividade na Comisión de Becas da Diputación. Colaboración cas "Juventudes Católicas", revista "Acción". Intervención na "IV Xuntanza do Seminario de Estudos Galegos" celebrada en Pontevedra. Concertos da "Sociedad Coral Polifónica" en Madrid. A Coral réndelle unha homaxe na "quinta de Domaio". Participa no "Informe" sobre o Castro de Vigo.
1929	45	Pasamento, en Pontevedra, o día 15 de outono. Grande manifestación de doo.

ESCOLMA
DOS ESCRITOS
DE
LOSADA DIEGUEZ

(NA ANTOLOXÍA DOS ESCRITOS DE LOSADA DIÉGUEZ MANTEMOS A ORTOGRAFÍA USADA POR EL)



CASTELAO. Caricatura de Losada

LÍRICAS

LONXE

Probes rosas, saudosas
Esperando amañecer;
Loumiñadas, degaradas
Por medrar, y-arrecender.
Tristes rosas amorosas,
Todo chega, y-o fin chega
Cando a pola se dobrega
E non vos pode soster.
Craros soños, frolecidos
Cobizando un ideal;
Aniñados, enchoyados,
N'unha roseira lanzal.
Tristes soños noitecidos,
Todo chega, y-o fin chega
Se dos soños soilo queda
O Imposibre no rosal.

*

* *

Ano novo, vida nova
Ano novo ¿qué traerá?
O vello sospiros leva
O novo ¿qué levará?
Ano que de festa naces,
O pasado xa pasou
Y-a primaveira enverdece
O xardín que se murchou,
Mais sei d'abondo, ano novo,
Qu'o tempo que se vai indo
Pra sempre leva o cheirume
Das froles que van caíndo.
Ano novo, vida nova;
Ano novo, outro virá;
O vello sospiros leva,
O novo xa os traerá.

Pontevedra, Nadal, 1926

SONETO XV DA "VITA NUOVA", DO DANTE

Tanto gentile e tanto onesta pare...

Tan xeitosa parece e recadada
A dona miña s'ela a outro saúda
Qu'a lingua s'esmorece e queda muda
Y-os ollos non estreven a mirada.
Ela vaise sentíndose gabada,
Mainiñamente, qu'a omildá ll'axuda:
Si é unha cousa n'o ánimo pon duda,
Do ceo â terra n'un milagre dada.
Y-amostra tal feitizo a quen-a mira,
Y-ô curazón c'os ollos da un dozore,
Que non pode entender quen non-o proba.
Paresce que c'os beizos ela move
Un esprito soave cheo d'amore,
Qu'â-y-alma vai dicíndolle: sospira.

"A Nosa Terra", núm. 61, 20-VII-1918.

PARRAFEO SENTIMENTAL

("Colloque sentimental", de Verlaine)

N'este vello xardin soilo e lazado
Dúas sombras espertan o pasado
C'os beizos ertos, seu mirar mortiño
Sin fala van falando paseniño
Po-l-o vello xardin solo e lazado.
Dous pantasmas remexen n'o pasado
—¿Ulo está aquel amor que nos tivemos?
—¿Pra que queres que d'ele nos lembremos?
—Xa se foi aquel tempo de pracer
Que xuntou os nosos beizos! —Poida ser.
Inda en sonos ti ves miña alma! —Non.
—O ceo azul e forte era a esperanza!
—Todo foise, non hai mais que lembranza.
N'o xardin c'a tristura camiñaban
I-ouvia soilo a noite o que falaban.

"A Nosa Terra", núm. 113, 25-II-1920.

A FOLLA

(Poesía francesa de A. V. Arnault)

D'a túa pola abalada,
Probe folliña esfollada,
Onde vas? —Quen-o soupera!
Foise o carballo muchento
Qu'agarimo a mín me dera.
C'o gurar d'o seu alento,
Brando airiño ou vendaval
Tenme sempre en movimento,
Dende a touza ô chan pardento,
Dende a montaña hastra o val.
Eu vou onde vai o vento,
Sin queixarme, ô ventureiro;
Eu vou onde todo vai,
D'a rosa a folla que cai.
Coma a folla d'o loureiro.

"A Nosa Terra", núm. 61, 20-VII-1918.

NARRACIÓNS



ALBORADA
CAMIÑANTES
POR
A·LOVSADA·DIEGVES

CAMIÑANTES

(Leenda)

Fai moitos anos d-esta histórea. É dos primeiros homes qu-acougaron n-a Nosa Terra. Ainda non se chamaba Galiza, mais vivía xa a Nosa Terra, a Grande hirmán das nosas almas.

Rifan moito os homes d-estudo sobre as causas d-as primeiras e longas emigracións d-a Humanidade dende o berce quente d-Asia, camiño do W. pr-as terras da Europa. Non sei onde, si n-o escrito n-un vello moimento céltigo, ou lido n-o mar ollando poñerse o Sol nunha serán enmeigada, soupen da razón d-ese pelengrinar dos homes dend-Asia ô Atlántico.

Das mais grandes ademiracións dos pirmeiros homes debeu ser a fuxida do Sol y-a chegada da noite. A morte do día enchía de tristura. Ainda os poetas non cubriran de belezas y-ensonos o cair da serán. Os ollos, cheos da lús xermoladora do Sol non se podían acostumar â súa morte diaria. Non abondaba que cada mañán outra vés aparecese. Nos peitos afervoados naceu a necesidade d-atopar o niño do Sol, qu-as imaxinacións facían figurar com-o Ceo cheo de feitizos e ledicias.

Y-estonces os homes mais novos, os mais sedentos de lús é de beleza, escomenzaron a camiñar tra-l-o Sol. Despedíronse dos vellos, pedíronlles a beizón, e mozos e mozas, levando diante greas de gando seguiron a direución qu-a posta do Sol lles marcaba cada día.

Pasaban anos, o descanso en cada terra facía ôs mozos vellos, y-os rapaciños que nascían chegaban a mozos, e toda-l-as seráns, ollaban o Sol que fuxía, y-a noite que chegaba. E novos mozos alcendido o curazón de lús e de beleza, n-un día despedíanse dos vellos, pedíanlles a beizón, y-eles e mais elas, levando diante greas de gando, seguían o camiñar do Sol que lles chamaba.

E deixaron atrás moitas terras e pasaron moitos anos. Ningunha cousa detiña ôs homes. Non aparecía o niño do Sol que debía estar sempre mais alá dos mais outos curutos, mais lonxe qu-os mais lonxanos lindeiros das longas terras chans. Nin as belezas dos novos peises conecidos, nin o sosego dos vals, y-a soavidade das estacións daban acougo ôs pelengrinos do Sol. Atravesaron picoutos cheos de neve, e fragas pechas, e ríos mainos, e ríos de fervenzas. E sentíanse mais ledos cando n-as gándaras ermas vían con craridade como os chamaba o Sol afundíndose tra-l-o hourizonte.

Atrás quedaban os vellos y-os doentes do corpo, y-os mozos fallos d-inquietude, afeitos a algunha terra, entretidos n-a caza ou n-a labranza. Pro os mais fortes de corpo, doentes d-a yalma, sedentos de lús e de beleza despedíanse deles, pedían a beizón dos vellos e seguían mozos e mozas, levando diante greas de gando, o carreiro do Sol.

Apareceron as grandes brétemas, o ceo azul íbase facendo nubro e cinzo. Chegaban os camiñantes â veira mar. O Sol morno moitos días siguía a súa fuxida acochado tra-l-as brétemas, o orballo ou a chuvia y-os homes esperaban e labraban a terra e facían as súas pallozas, ou s-acollían âs covas dos penedos. Cando crarexaba y-o Sol brilante alcendía os ollos, os mozos mais fortes fitaban a estrada da lús que se perdía antr-os cons azoutados pol-o mar.

E foi nunha serán da primaveira cando Gael o mais garrido dos mozos, e Linn, a rapaza loira dos ollos craros meigos, sentados ô pé dun carballo, calados, c-o mirar perdido n-o leixamento do día que debalaba, sintiron a chamada do Sol dos seus abós e como levados por un feitizo botáronse a camiñar soilos seguindo os regatos y-os ríos por antr-as touzas y-as fragas cheas d-un verdor milagreiro. E n-unha mañán abríuse o día diante d-eles y-abríuse o mar. O mar chegaba a eles mainiñamente pol-o medeo dos montes, e bicando as arboredas, e sintíronse arrolar por aquela natureza que estremecía as súas vidas.

Linn e Gael siguiron adiante y-arrubiron a un monte bravo que se metía n-o mar e xa non viron mais qu-o mar abrazado infinidamente c-o ceo. Ergueuse n-eles un tal degaro de beleza, y-un esmorecer d-ensonos que coidaron chegaran os seus ollos ô niño berce do Sol, que diante d-eles espallaba todo-l-os coores pol-o ceo e pol-o mar, achegándose a se deitar n-o hourizonte. A ansiedade que movera ôs seus pais y-ôs seus abós, y-a tantas xeneraciós d-homes a camiñar seguindo o regueiro da lús, abríase en Gael e Linn mirando como o Sol cada vés mais bermello, cada vés mais grande, alí ôs seus pés alcendía o mar y-os montes n-un silenzo da Natureza que somellaba deter a vida. Y-afundíuse o Sol e nasceu a Saúdade.

Chegou a noite. Linn e Gael botaron a andar paseniño buscando o agarimo d-unha pecha carballeira, por antr-os amieiros veira d-un regato. Abríuse furando as ponlas dos albres unha lús morna. Linn e Gael ergueron os ollos cara ô luar. Era a lembranza do Sol que se fora, e que de noite bicaba as almas recollendo toda a saúdade do bico derradeiro do Sol.

Xa non souperon sair d-aquela terra Linn e Gael. N-a saúdade das noites de luar agromou o amore. Antr-os orballos y-as brétemas, a ledicia da door, encheu os vals y-os outeiros das pirmeiras cántigas da morriña.

Linn e Gael tiveron fillos, y-os fillos com-os pais ollaban o mar cheos de saúdade buscando o camiño degarado. Aprenderon a facer barcos primeiro de coiros, despois de grandes albres, e n-eles perdéronse pol-o mar infinido e volveron traguendo os curazóns cheos da imensidade. Ningunha cousa toparon mais qu-o Ceo, o mar, y-o Sol que sempre facía o seu niño mais alen. Y-a descendenza de Linn e Gael inzou pol-a nosa terra y-houbo mariñeiros e guerreiros qu-escolleitaron xefes.

E foi o mais mozo dos xefes, o grande Breogán, quen s-embarcou c-os mais variles dos seus hirmáns e despedíndose dos vellos e pedíndolles a beizón seguíu outra vés o camiño do Sol, alcendido-l-os curazóns de lús e de beleza. As cántigas de saudade das loiras meniñas qu-iban n-os barcos eran a guía. Pro as augas do mar levaron ôs fillos de Gael desviados pr-ô Norte, e chegaron a unha grande insua que verdecía n-a brétema. O mar metíase terra adentro por antr-os montes, bicando as arboredas, como n-a terra que dei-

xaran. E Breogán asentou n-a Irlanda, porque ali dend-os montes outos de veira mar tamén se vía deitarse o Sol n-o lonxe xunt-o Ceo, e sentíase a morriña d-as brétemas y-a lembranza saudosa do luar n-as follas e nos regueiros. A terra do Eir-Einn hirmandouse n-a saudade co a terra de Gael.

Destonces moitos homes chegaron â terra nosa o vello país de Linn e de Gael. As cántigas de morriña misturáronse moitas veces c-os berros de loita, y-os froitos da terra foron regados d-abondo co-a sangue. Mais non houbo quen chegase a esta terra, e co curazón limpo recollese diant-o mar a emoción da serán c-o cair d-o Sol ou caladiñamente mollase a y-alma n-a lús do luar, que non sentise fío a fío a saúdade n-a sangue y-o degaro do camiño infinido como un salayo eterno. A Nosa Terra foi pra sempre, terra de viaxeiros que van e volven ô berce da súa inquietude herdada e renacida.

Foi inútile qu-homes atrevidos rachasen o mistereo do hourizonte co-a descuberta das terras d-alen o mar. Pouco fixeron os homes cativos que quixeron poñer un lindeiro ô desexo. Eiquí y-alí en toda a parte y-en ningures é inesquecibre a ferida que levan n-a y-alma os fillos de Gael. Dend-América tórnanse os ollos tamén pr-hourizonte espello de todo-l-os camiños, camiño de todo-l-os pensamentos e pergúntase ô Sol pol-o seu niño, mirando como nasce da brétema cara â terra de Linn e de Gael.

"Alborada", Pontevedra, 1922.

AMAÑECER

(Conto)

Foi n-un dos rincunchos mais agarimosos de Galiza: vides, laranxeiros, pinales, a ría preto do mar rompente, y-unha outa serra dando sombra â ría. Era a mais xeitosa rapaza. Parecía a *gentile e honesta donna* do Dante. Tiña dazasete anos y-era ergueita, loira d-ollos grandes e doces arrecendendo toda ela a mañanciña de San Xoan. Era neta d-unha vella moi vella que vendía froita ô pé da estrada preto da ponte, y-a estrada chea de casas novas a unha veira y-outra, e pol-a que corrían *autos* e coches d-abondo somellaba rúa de boa vila.

Chamábase a mociña Dosinda. Vivían ela y-a súa aboa n-unha casa vella pequena como chouza, leda somentes pol-a roseira qu-a meniña coidaba a rentes das paredes. Era falangueira, c-un xeito de señorío qu-ademiraba a xente. De cote co-a surrisa n-os beizos, era consolo dos probiños e dos vellos, e ningunha mais cantadeira qu-ela cando o día repinicaba ledicia. Deprendía a costureira c-unha rolada de compañeiriñas. Víase pol-o día a Dosinda vestida e limpa com-unha frol, e pol-a mañán cediño ou ô anoitecer axudando â súa aboa n-os trafegos, ou carrexando a pé ispido feixes de garabullos qu-a vella xuntaba pol-as congostras. E pol-o día, â mañán cediño y-ô anoitecer a surrisa virxinal de Dosinda n-os beizos, y-a ledicia n-os ollos. Parecíalle â vella fruteira, que n-aquela casiña estaba n-un rincuncho do ceo, preto de Noso Siñor.

Mais alí pechábase unha fonda door. Dende aquela aboa â neta correran moitos anos, y-o mundo acedo puxera tristuras a eito n-o camiño. Morrera mozo o pai de Dosinda fillo da vella, y-a nai da rapaza fórase logo pra moi

lonxe, y-alá moi lonxe vivía, e según contas e contos n-unha vida de diñeiro e de pracer, c-o seu corpo botado âs requezas y-a sensualidade dos mais ricos homes. A súa fermosura conquerira un nome brilante n-a *vie mondaine* das grandes cidades podres, e xa facía anos que non viñera â súa terra.

Era unha festa de beleza e de bondade o falar co-a vella, e co-a rapaza. Era un milagre da natureza y-un regalo de Deus. O nome da nena alumeaba n-o val. Iba âs romerías co-a súa aboa e levaba n-a cabeza a cestiña co-a froita y-as rosquillas que vendía a velliña. Y-o nome da nena alumeaba n-as romerías y-alcendía o peito dos mozos, mais ela de cote surría y-os seus ollos de virxe buscaban â aboa, e con ela voltaba sempre leda pr-a pequena casiña.

O val y-as prayas d-aquela ría son un feitizo. Polo vran énchense de señorío, e por disgracia, ainda das grandes cidades. O sol érguese pol-as mañáns como decote, e déitase como todol-os días n-o esmorecer do paisaxe. Os piñeirales zoan, verdexan as vides e fungan os regatos, e ningunha cousa da Natureza se lembra n-o val e n-o mar de que hai homes forasteiros. Somentes âs veces antr-as cántigas labregas ô lonxe, óyese pé das casas algún baixo *couplet* de espirto estranxeiro, ou as músecas n-as festas da vila botan pol-o val aires de *fox-trot* ou de calquer baile alleo. Os señoritos que vranean falan un *argot* castelán ô xeito de Madrí, e son imitantes d-eles os señoritos da terra, pois a medida da importancia das xentes daa o coñecimento que teñan da vila do Manzanares e dos toureiros, políticos e cupletistas. Qué lonxe da omildanza e do feitizo sinxelo da Natureza! Qué lonxe do mar, dos piñeiros e das suas voces estando tan preto! Os siñoritos do país y-os de fora mais que n-a beleza da terra paran en ollar a beleza das mozas, y-en se dar de Xoanciños Tenorios en solta.

Por todo o val corría a sona da meiguiña Dosinda. Y eran moitos os que, abellas â frol, zoaban de cote ô seu redor. Xa n-unha romería, n-unha festa da vila, ô pasar, n-un camiño, ou n-unha mañán de mercado, a rapaza de cote tiña n-o seu seguimento un fato de siñoritos lacazáns. Pro non eran somentes mociños, eran tamén homes feitos, de moito mundo, e de moitos cartos, que s-iban achegando pouco a pouco facendo a roda dende moi lonxe agarimando â aboa, agarimando â neta, y-a modiño c-un brilo n-os ollos qu-arripiaba, parecía que lobos adoecidos chegaban â veira da casiña frolida e velliña.

Antre todol-os seguidores de Dosinda, un amostrou a frialdade y-a forza da súa decisión. Era o que mais doce falaba, o mais solto de cartos, o mais cabaleiro. Cheo de respetos pr-a neniña mais somellaba n-os comenzos un pai qu-un amador. Todol-os días botaba un parrafeo co-a vella n-a ponte ou n-a casiña y-os seus servizos y ofrecimentos eran a cotío. El, home que pol-os invernos corría moitas cidades e moitos salóns, sabía facer ben as cousas. Dosinda atopábase diante d-il como ovelliña acardamada que venta o mal. Alcendíanse as súas meixelas e baixaba os ollos afogada nos cheirumes finiños e n-os verbos doces do cabaleiro.

Un escurecer ô saír da casiña, â sombra d-un parral o cabaleiro topou a Dosinda que voltaba do traballo. Estalou un bico, a nena berrou, fuxíu e n-o colo d-aboa desfíxose en bágoas que non limparon o bico da lesma. Y-eisí, estalóu o trono enriba do niño, sob os paxariños.

Non pasou mais tempo. O día seguinte todo brincou n-a casiña, porque

foi como un lóstrego aquela aparición. Chegou a nai de Dosinda. As probiñas que non-a esperaban, parecéulles a mais rica dona, a mais enseñoritada que viran n-a súa vida. Seis anos de leixamento, era un milagre de cousas, e de tempo, que pasaran, mais aquela viaxeira, vella anduriña, somellábase ainda â súa filla n-a doce surrisa, e n-o falar de mel qu-enchoyaba a y-alma. A nai miraba pr-a súa filla vendo agromar n-ela o millor da súa mesma beleza qu-escomenzaba a mucharse. Aquel curazón tan feireado e cerne tremeu diante a filliña Dosinda, e logo foi alí un beilar de fermosas roupas, de alaxes, e d-ouro, festa de coores e de fartura, que deixou engayoladas â neta e mais â aboa.

Mais d-unha vés a nai acariñaba a Dosinda, y-a nena esmorecía n-aquel agarimo e non se fartaba de chamar "naiciña". Mais os ollos da nai as veces mollados de bágoas, outras d-un estrano brilar d-aceiro e sempre cansos non s-afacían â estreitura d-a casa e furaban n-o espazo seguindo as lembranzas.

Tampouco fuxira o cabaleiro amador, o lobo doente da neniña. Él y-a aventureira conocéronse. Os dous eran xente de civilización e de cidade, fillos de Cosmópolis, viaxeiros dos *Palace Hotel* e dos *Grandes Casinos e saisons*. Tiñan moito de que falar, e tamén falaron d-aquela rapaciña feiticeira, anxeliño de Deus y-ollos de ceo. Toda a podreza, a ruindade y-a lama do mundo cairon dos beizos d-aquel home e misturadas con ouro petaron ô curazón da nai. Nome impalpábel de nai, oración e sentimento, que purifica âs mulleres mais ruíns, espertou n-a viaxeira forteza e dinidade. Dosinda salvouse.

—Miña nai, naiciña miña, dame medo ese home. Non fales co-el, miña naiciña. Que non veña, botao da casa. Eisí decía a nena â súa nai.

—Filliña querida, xa non volverá. Non, non. Os homes son ruíns, non-os queiras, miña nena. Y-a nai ô falar acariñábaa, y-a nena surría chea de ledicia y-os seus ollos espellaban o ceo.

—Mira, miña vidiña, verás. Ti, agora, veste conmigo. Vouche facer unha roupa como a da millor siñorita. Ti non podes quedar eiquí soila, co-a velliña tan vella. Xa ves, hai moitos lobos...

—¿Porqué non te quedas ti con nosco, miña nai? ¿Pra qué te vas? Eu contigo, eiquí non teño medo a ninguén. Y-a nena acariñaba â súa nai e dáballe bicos.

Si poidera, eu quedábame, Dosinda. E quen sabe! Mira, ti ves agora conmigo. Imonos â cidade onde eu teño unha casa. Xa verás que feitizo! Recollemos todo, e vímonos logo pr-acá pra non saír mais ¿queres?

Y-eisí falaban a filla y-a nai. Que ben falaba aquela muller! Dosinda xa non se resistía. Pensaron deixar â aboa c-unha criada ben escollida, pro pouco tempo qu-estarían fora. Todo iba ben.

A casiña escomenzou a s-entristecer. As cousas pouco a pouco iban arrecendendo n-ela a mondanidade, o aire cidadán que xa cinguía a Dosinda, a nena virxinal, como alento do lobo n-a espera da ovella.

Mais n-unha mañán d-un Domingo â volta da Misa n-a que recibira ô Siñor, Dosinda topouse mal. Caiu doente a neniña e non s-erguéu mais. Morreu a coarta feira. Os anxeliños surriron n-o Ceo.

Un mozo foi chorando seguindo o enterro, pero alá n-o fondo do curazón sentía unha morna ledicia que pouqueniño a pouco ll-alumeou a y-alma. Era

un calado amador que prefiriu morta a Dosinda ô pé da vella oliveira do cimiterio, que grande señora alá lonxe, ceibada a todol-os degaros. E non-a esqueceu mais. Y-aquela morte foi un amañecer pr-os que teñen un curazón limpo e saben amare.

"Alborada", Pontevedra, 1922.

QUEIXUMES

Cando me erguín aquela mañán dixéronme que Delores a irmán de Agustina a caseira, estaba a morrer. Era moza y-era mozo o seu home. Tiñan catro filliños, y-un d'eles o mais pequeno tamén estaba —probiño— morrendo com'a nai.

Pra escorrentá-l-a tristura funme a tomal-o sol n'a solaina, n'unha mañán de Marzal. A aldeia, os montes y-o ceo cheiraban a medio día. Fume n'os tellados, chamadas n'as leiras.

Po-l-a corredoira â veira d'a miña casa baixaba Manuel o home d'a muller enferma, o pai d'o meniño doente. Levaba un gueipo no brazo. Subíu un valo, entrou n'a horta e foi collendo axiña berzas e berzas, atou dúas cepas, cargou c'o gueipo y-unhas vides e siguíu pra outra leira súa a coller mais...

Eu, home de cidade e de cultura, sentín unha ferida n'o curazón ô lembrarme d'a muller e d'o meniño loitando co'a infermedade soilos n'a casa. E pensei como outros pensan que o amore y-os sentimentos somentes xermolan e s'afian co'a cultura...

O criado chamóume pra xantar. Todo iba ben. A miña vella sirventa, a Ramona, esperaba pra me servir a cociñada qu'arrecendía ô lonxe... Non fun ruín. Lembreime de Manoel.

Manoel o home da muller enferma e d'o rapaciño doente non tiña criados. Si él non traballaba a probiña da dona y-o malpocadiño d'o fillo morrían. Mentras eu xantaba ainda Manoel tiña que carrexar auga, munxi-l-a vaca, facel-o caldo e poñer unhas mariñas... Manoel non tiña tempo pra se layar, nin pra dar consolo anque se lle roera o curazón.

Hay probiños n'o mundo que nin se poden decatar d'o delor, qu'é o gran consolo de todol-os magoados po-l-a vida.

"A Nosa Terra", núm. 112, 10-II-1918.

HOME VIAXEIRO

Boteime a camiñar po-l-o ceo, brincando d'estrela en estrela, correndo po-l-as estradas d'a lús e dos ensonos.

Respiraba n'o aire d'a Terra. Un amigo díxome qu'estaba cabeza abaixo c'un pé n'o Pegaso y-outro n'o Cisne e c'os beizos y-os ollos n'un anaco d'Europa.

Seguín brincando d'estrela en estrela.

Caín n'un cometa que me serviu de skis por algún tempo, un aerolito fixo de balón despois... Na inmensidade infinida tamén habia con que xogar. Sen-

tiame cuasemente liberado. Cheguei a comprender que o mais intenso movimento confúndese co'a infinida quietude.

Os meus pés foron trazando unha tan longa estrada como ningún xenial tolo pudera maxinar. Mais eu seguía respirando o aire da Terra, y-os meus ollos aínda vían a beleza, os paisaxes, as mulleres, a miseria... Ainda ouvía falar ós faladores e sentía nos beizos, o noxento aire d'as cidades... Petaba o meu corazón irmán d'os reloxes, batendo no Tempo.

Pra me liberar d'unha vés, bulín moito mais, fixen c'o meu camiñar unha órbita ausurda, brinquei por riba d'a Aguia, e de Sirio... Cheguei a cansar... Tiña razón o meu amigo.

A miña cabeza estaba na Terra, sempre na Terra y-era o incomovibel centro d'a órbita qu'eu fixera.

Eu era un home e nin as estrelas, nin os cometas podían arrincar a miña testa d'a Terra pra leval-a ó Ceo.

Pra bicar o Ceo e respirar n'o seu cumio era preciso qu'os meus pés asentasen fortes n'a Terra e que camiñasen moito pol-o mundo. Pra desfacerse do tempo tiña moito que bater o curazón... E namentres os ollos insaciabres tiñan a saudade d'o viaxe que fixeran os pés po-l-as estrelas.

"A Nosa Terra", núm. 112, 10-II-1920.

CONTO

Dous rapaciños rifaron, y-estábanse batendo cegos. Un d'iles san e rexo, y-o outro un malpocadiño que choraba. Duas mulleres apartáronos e levaron ó meniño dos choros dándolle bicos. O outro, o san e forte, soilo, vermello de vergonza quedaba sin agarimo, cheo de tristura, e foise indo paseniño. Fixenlle unha festa ó probe do rapás e dixen pra mín "tamén os fortes dan compasión ás veces", lembrándome d'un sucedido.

O sucedido foi esto. Había unha vés n-unha aldea veira mar, n-a ría de Marín, dous mozos mariñeiros, Chuco e Manoel. Eran tempos n-os qu'ainda non ían as motoras a buscar sardiña a Leixoes, nin xiquera as artes da traíña eran donas das rías. Os barcos xeitosos ían mar afora máis alá d'a illa d'Ons e chegaban moitas veces a Finisterre.

Manoel era un rapás ergueito e finiño, churrusqueiro y-amigo d'as rapazas. Chuco era un mozo forte e valente que se desfacía de bó: ninguén bogaba coma íl que pasaba horas sin arrial-o remo, e sin falar, nin se conocía nadador coma íl n-a ría.

E Chuco e Manoel tiñan tolería por Carmela, unha meiga rapaza d'óllos mouros, moi beiladora. Cada ún d'os mariñeiros á sua maneira lle buscaba as voltas, y-ela por ningún s'acraraba. Con Manoel ría e parolaba a desfacerse, diante de Chuco baixaba os óllos, e toda s'alcendía.

Pasou o caso cando Manoel e Chuco saíron ó mar n-o mesmo barco con oito homes máis. O barco era novo e foron á despedida vellos, nenos e mozas, y-antre eles Carmeliña que non separaba os óllos de Chuco, nin Chuco d'ela. Foron as miradas unha promesa d'amore, e Chuco bogou con máis forza que nunca, cheo de vida.

Non se soupo bén nunca, porque estas cousas non se saben bén endexamais. O mar estivera calmo, e batía un pouco de Nordeste. Fixéranse dous bos lances n-a illa, y-o barco voltaba pra terra cando caía o sol, con toda a vela pra aproveitar as frías. Debeu ser com'un lostrego a nortada, a escota non correu a tempo, a carga foise a unha banda, calquer cousa, o conto foi que d'un soilo batido o vento dou volta ó barco y-os homes fóronse ó mar co'a sorte de se poderen por a salvo n-a quilla.

Xa todo se cerrara d'escuma, e rompendo avantaban as augas. Non se vía un barco, zoaba o vento y-a noite chegaba. Foi estonces cando Chuco, o máis forte nadador de todol-os xeiteiros, botouse ó mar confiado e surrindo a buscar en terra axuda pr'ós probiños que alí se quedaban engarrados no barco deitado n-as olas. Todol-o viron loitar, avantando en longas brazadas con toda seguranza e ninguén dubidou que conseguise o proposto.

O tempo pasou en balde, e n-a noite coidaron os mariñeiros morrer moitas veces, mollados y-esmoreados de frío. Pol-a mañán unha motora topou o barco perdido e salvou ós nove homes.

Aquela misma mañán apareceu Chuco morto n-a area de Beluso despois de nadare cinco millas: o seu esforzo fixo soster a espranza n-os que quedaban n-o cativo amparo d'as madeiras do barco. Os probiños salváronse y-o mozo forte morreu.

Non pasou un ano e Carmeliña sempre meiga e beiladora casábase con Manoel, de cote finiño e churrusqueiro. E certo que co'a lembranza de Chuco pódese decir qu'os fortes dan compasión ás veces e que non está de máis o pregar por eles.

Pontevedra-Mayo-1921.

"Nós", núm. 5, 24-IV-1921.

CONTO SINXELO

Conocín ó máis forte *boxeador* do mundo, Samuel Kupper. Tiña vinte e dous anos, máis forte que fora Jeffries nos seus bos tempos e con máis xeito que Johnson. Ganara xa o campeonato mundial de pesos medeos e d'un día a outro iba a loitar c'o vello campeón de pesos grandes. Era fixa a sua victoria. O vello campeón xa recibira o consello de llo dar sin loita.

Samuel Kupper descansaba n-unha granxa do Far West. Era seu amigo un crego que lía a Biblia ós labregos. Samuel Kupper oiu ler unha serán soave e feiticeira do vrau: "Oíchedes que se dixo ollo por ollo e dente por dente. Mais eu, vos digo que non fagades resistencia a quen vos magoe; e si algún te ferira na meixela dereita, ponlle tamén a outra... Oíchedes que foi dito: Amarás ó teu próximo e teraslle xenreira ó teu nemigo. Mais eu dígovos: Querede ós vósos nemigos, facede bén ós que vos queren mal e rezade pol-os que vos corren e calumnian...". Mainiño, o vento movía as herbas y-as froles d'a pradeira.

Aquela noite, un vello y-unha mociña petaron á porta de Samuel Kupper. Tiñan fame e iban cansos e magoados de camiñar... Os óllos do vello eran de infinida tristura; n-os da mociña loitaba a desesperación c'unha rayola d'espranza... Samuel Kupper xa era rico, os seus fórtes cotelos enfeixaran

moitos billetes... O vello y-a mociña comeron, e descansaron, e tiveron diñeiro.

Pol-a mañán Samuel Kupper recibiu un aviso de desafío. Un nóvo *boxeador* ruso, Alexis Karbin, quería loitar e xa estaba en San Francisco. Telegráficamente fixéronse y-aceutáronse condiciós.

O día d'a loita, n-o *ring*, Samuel Kupper veu diante de sí a un ardente rapaz de óllar duro e grande estatura. Kupper non tremeu. Era máis forte y-ó pouco de loitar reconoceu confiado a sua superioridade.

Alexis Karbin loitaba con todo o seu fogo, brincando e batendo sin parar. Canso xa, chegou o istante en que os puños de aceiro de Samuel Kupper iban a mallar a eito n-as meixelas e n-o peito do rapás ruso. Encollido, esperaba o golpe... y-estonces Samuel Kupper veu n-aqueles óllos o óllar de tristura do vello que petara na sua porta y-a loita de desesperación e d'espranza d'a mociña, e lembrouse da sua granxa, as pradeiras, o crego seu amigo, o libro santo, o vento mainiño... E baixou os brazos...

Como un lostrego ergueuse Alexis Karbin e bateu un soilo e seguro golpe n-o peito de Samuel Kupper. Caiu no chan... Contáronse os segundos... Estaba *knock-out*... A xente levouse n-o aire ó ruso trunfadore...

Samuel Kupper soilo, magoado n-a y-alma, foise pr'á inmensidade d'os campos do seu Far-West...

Topou ó vello y-á mociña. Ampara a ún, e dalle amor á outra.

Inda hoxe non se decata de si foi forte ou deble, de si é un derrotado ou un vencedore.

"Nós", núm. 3, 30-XII-1920.

OUTRO CONTO

Cando me erguín aquela mañán dixéronme que Delores, a irmâa da miña caseira Francisca, estaba a morrer. Era moza y-era mozo o seu home. Tiñan catro filliños, y-un dos filliños, o mais pequeno, tamén estaba —probiño— morrendo com'a nai.

Pra escorrental-a tristura funme a tomal-o sol na solaina, n'unha mañán d'Outono. A aldea, os montes y-o ceo eran de pás.

Pol-a corredoira â veira da miña casa baixaba Manuel, o home da muller enferma, o pai do neniño doente. Levaba un queipo no brazo... Subíu un valo, entrou n'unha horta súa e foi collendo paseniño berzas e berzas, atou dúas cepas, cargou o queipo y-unhas vides, e siguiu pra outra leira súa a traballar e recoller.

Eu, home da cidade e de cultura sentín unha ferida no curazón ô lembrarme da muller e do meniño loitando co'a enfermedade soilos n'a casa. E pensei en que o amor y-o sentimento soilo surden co'a cultura...

Chamoume o criado pra xantar... Y-estonces lembreime de que Manuel non tiña criados, que sin o seu traballo a súa muller y-os filliños habían morrer e que aínda tiña él que ordeñal-a vaca, facel-o caldo, carrexar a auga e poñer unhas patacas... E que non tiña tempo pra se consolar e pra consolar, anque o sentimento lle roera o curazón.

Malpocadiños d'aqueles que n'a vida non teñen tempo pra queixarse nin pra dar consolo. Probes dos que non se poden decatar d'a delor.

"Nós", núm. 71, 15-XI-1929.

TEATRO

A DOMEADORA

(Paso primeiro)

N-a escea un xardín de gusto novo. Á dreita albres outos, e baixo d-eles unha mesa de pedra, tallos e cadeiras, todo escolleito como de xentes adiñeiradas que correron moito mundo e souperon ollar fermosuras. É n-unha aldeia d'unha montaña de Galiza, lonxe das vilas e do mar: somentes por unha pequena estrada chega o vento da civilización.

É no vrán con moito sol e moitos paxariños. Cai a serán.

Óyese o pensamento d'unha vella cega n-unha vós fonda e lonxana antr'os albres.

A VELLA CEGA.—Son unha ceguiña cega, e chámanme a meiga da Xestosa, mais vin moitas veces erguerse e deitarse o sol. Lémbrome de cando rapaciña por antr'as touzas y-as herbeiras brincaba co gando. Ainda levo n-os ollos pechados toda a lús do ceo y-os coores do val e das froliñas dos toxos, das xestas e das fragas mestas. Diante os ollos se me pon todo o feitizo qu'hoxe non podo ollar cando os paxariños cantan. Son unha ceguiña cega que sinte toda a quentura da Natureza, y-o agarimo das fermosuras que nos deu na terra. Noso Siñor. Y-ás veces tremo, e sinto a dôr na y-alma diant'os homes que lixan a Natureza y-esborrallan o feitizo das cousas. Loubo a Noso Siñor todol-os días, que me deixou cega, co-a imaxen de toda a fermosura que ollei limpa nos ollos.

Teño un fillo lanzal, afouto e forte com'un lobicán agarimoso e doce com'un año. O meu Chinto ten toda a lús do ceo, a fermosura das albres da serra e das froles do val. Loubo a Noso Siñor que me deixou cega co-a imaxe feiticeira do meu filliño san e limpo, cando o ollei a vés derradeira. Y-ás veces tremo qu'as xentes ruíns qu'avantan das cidades ôs picoutos, lixen o meu meniño, desfollen a y-alma do meu Chinto.

Son unha ceguiña cega. Quen fora meiga moura pra afogar no meu feitizo o que me fai tremar, o que me fai envellecer!...

Xa non s'oye, nin se vé â vella cega. Ó lonxe síntese un cantar:

Meu amor, meu amoriño,
Onde estás que non te vexo
Mórrome de saudade
E día e noite en tí penso.

A Siñora Sabela c'un brazado d'herba, y-o Siñor Gores c'un sachiño ô lombo, aparecen pol-o xardín adiante. Son vellos caseiros do pazo co-a ledicia dos labregos que sinten o achego da terra.

SABELA.—¿Ti oyes cantar, Gores?

GORES.—Óyo.

SABELA.—¿Ti decátaste de quen canta, Gores?

GORES.—Decato.

SABELA.—¿Ti estás parvo, Gores?

GORES.—Estou.

Óyese outra vés ô lonxe un cantar:

Estreliña do luceiro
Quen ten amores non dorme
Senón o sono primeiro.

SABELA.—¿E ti pensas que dí moi ben, qu'a nosa filla día e noite non pense mais qu'en Chinto, en falar con Chinto, en cantar pra Chinto?

GORES.—Boeno, muller, boeno. Estache bó o conto... Haiche vagar! Queres que botemos un pito? *(Saca tabaco e fai un cigarro)*. Verás...

SABELA.—E ti és home? Deixamelle ir facer a cocedura pr'o cucho qu'aínda é mais home da súa casa que tí...

GORES.—Vi-acá, amantiña, vi-acá. Non t'empentelles que xa sabes que ti és a miña parenta, e non hai moza com'a miña. *(Queréndoa abrazar)*.

SABELA.—*(Rifando)*. Seica vés de parrafeo, cristiano! Déixame de lerias...

GORES.—Veño de boas, e non é porque veña de tanguer un neto, anqu'o botei acugulo... Y-a verdade é qu'está varil a serán pra un parrafeo...

SABELA.—Arrabearas tí, argallante...

Óyese o cantar lonxano:

Meu amor, meu amoriño
Onde estás que non te vexo
Mórrome de saudade
E día e noite en tí penso.

GORES.—E mais sí. É a nosa filla! Boeno, e qué? E non che cantaba eu a tí tamén e repinicaba a gorxa millor qu'o crego nos responsos?

SABELA.—Mais tí somellabas un home...

GORES.—Somellaba, somellaba.

SABELA.—Y-agora é a nosa filla quen canta, unha muller qu'adoece por un home... E tí pensas qu'ela vai ser pr'o Chinto? O noso criado! O fillo da meiga da Xestosa!

GORES.—*(Rascando tral-a orella)*. No eso sí... A verdade é que... Boeno, eu non che sei... O millor é que... Mira, ô fin has facer o que tí queiras.

SABELA.—Estás bó mozo... No, ser! Quen t'oíra y-había creer qu'eu son quen manda. Ay, Goriños! Sempre te layaches moito.

GORES.—E logo, que queres que faga? Que lle bata c'un sacho na testa ô Chinto? Que ll'espete un pau no curazón â Catuxa?

SABELA.—Arrenegado! Non sexas súpeto, hó, non sexas súpeto...

GORES.—O dito. Esnaquizo ôs dous e feito. Acabouse Chinto e Catuxa pechada n-unha arca, e tí...

SABELA.—Boeno, eu xa sabes, Gores, que sempre t'aconsello ben. O Chinto aínda non é mal rapás; traballa ben, un mozo moi feito... e ben mirado...

GORES.—Non é ruín, non... Un pouco enrabechado com'eu... E seica co seu porqué pr'as rapazas... com'eu...

SABELA.—Calaras tí, vello sin dentes.

(Aparece Catuxa, filla de Sabela e Gores, de dazaoito anos, frol da montana. Leva un queipo y-un fouciño na mán.)

GORES.—No, tí cantar, cantas ben, Catuxiña... Xa tua nai mo dicía.

SABELA.—Cala, condanado, cala. Non ch'abondou de leria?

CATUXA.—Y-ainda non chegou o Chinto, meu pai?

GORES.—Non cho vín, miña filla, pro xa decía tua nai qu'o Chinto había estar lonxe cando tí cantabas.

SABELA.—Ay que demo de moina estás tí hoxe, vello de xuncras!

GORES.—Boeno, boeno, siñora Sabela... non é por mal...

CATUXA.—*(Toda afervoada e sin vagar)*. Logo vostedes non saben... Non saben o que pasou co can da siñorita, co que lle chaman o Tom, qu'é mesmo un lobo doente...

GORES.—Estoupou? Beni-a Deus!

SABELA.—Así aganara il!

CATUXA.—Pior, pior miña nai... Logo non saben o do Chinto?

GORES.—Vaya, ei rapaza! Non bulas. Acouga. Verás. Vou ver se me decato... O que lle pasou ô can... O que lle pasou ô Chinto... A siñorita... Non, non entendo ben, rapaza.

SABELA.—Conta, conta, Catuxa, que teu pai estache com'un pandeiro furado.

CATUXA.—Boeno... Miren... Pol-o amor de Deus non me fagan arrenegar... qu'eu non sei que me da o corpo... que m-arripía... qu'algo vai pasar...

GORES.—*(Acariñando â sua filla)*. No estonces, conta, conta aixiña, bule meniña...

CATUXA.—Foi logo do xantar... deixaron a ese demo de can, o Tom, ceibo e fuxíu, avantou pol-o valo da congostra, botouse ô señor Bieito que pasaba por alí o probiño, e senón chegan os homes hai unha disgracia...

SABELA.—No ser... Arrenegado...

GORES.—Boeno, e de Chinto qué?

CATUXA.—Xa verá. Cos berros saíu a siñorita cos seus amigos e púxose a rifar con todol-os criados como non vín na miña vida... parecía tola... Dixo que non había homes, que todos eran como nenas... e layábase mais pol-o can que pol-o probe siñor Bieito. Y-entón, vai e foise o Chinto e díxolle a todos qu'il era un home e que había coutar o can e traguelo por unha orella.

GORES.—E fixo ben...

CATUXA.—Y-a siñorita ainda dixo que non había homes. Y-o Chinto tamén com-un tolo non dixo mais, pegou un brinco e botouse a buscal-o can... Y-ainda non apareceu... Ay, miña nai, qu'o Chinto é un arroutado e non sei que vai ser d-il. Imos buscalo, non si, mi pá?

GORES.—Boeno, boeno, Catuxiña... estás que non aturas...

SABELA.—Ay miña filliña, que t'enmeigaron...

CATUXA.—E non é unha disgracea? ímonos, meu pai.

GORES.—Tí tamén?... Déixame a mín, qu'estas son cousas d'homes. Vou por unha fouce.

SABELA.—Ten man, Gores, mira o que fas...

CATUXA.—Eu tamén vou, que non acougo eiquí...

GORES.—Ehí veñen as siñoritas. Calade!

(Aparecen pol-o xardín moi ledo e falangueiro o fato de xentes da cidade. Fany, a dona do pazo é unha fermosa muller de trinta anos, muller de Cosmópolis como os seus compañeiros, ceibe no mundo. Luísa a sua amiga é da mesma idade, separada do home. Fany toda vountade. Luísa toda frivolidade. Os homes son o médico de moito nome Guillerme, d'uns corenta anos. Enrique, inxenieiro de vinteoito anos y-o vello sportman Adolfo, de sesenta anos.)

FANY.—Qué, xa vos vades ô descanso?

GORES.—Co-a sua licenza, ímonos indo, señorita.

SABELA.—Si lles cumpre algunha cousa, mándenos, siñorita.

FANY.—Ningunha. Descansade.

(Vanse Gores e Sabela.)

GUILLERME.—Xentes dos seus dominios? Non, Fany?

FANY.—Eso é. *Very.*

ENRIQUE.—Y-en toda a parte vexo súbditos seus, Fany...

ADOLFO.—É groriosa a amistade de duas reiñas, pois eu non esquezo a Luísa...

LUÍSA.—Oh meu xentil cabaleiro, que nunca esquece o cumprimento...

GUILLERME.—Noso amigo é un home dos tempos vellos.

ADOLFO.—Eso é chamarme vello?

LUÍSA.—É chamarlle *gentleman.*

(Siguen falando.)

FANY.—Non s'afai ainda n-estas terras, Enrique?

ENRIQUE.—Fany, Fany, eu non sei si m'afago eiquí, mais sei ben que non sei saír d'eiquí.

FANY.—É a beleza d'este país, o exotismo que vostedes atopan n-estas serras...

ENRIQUE.—Non-o sei, porque eu non sei ollar mais qu'o feitizo de Fany, de vostede, Fany. Cando será o tempo? Estou vivindo na eternidade, solagado na sua vida, no seu alento...

FANY.—Cousas de xuventude... De xuventude?... Ainda non sei...

ENRIQUE.—E logo? Que quere de mín? que sacrifizo quere?

FANY.—Non, non digo eso. Vostede sabe ben o que é a xuventude, Enrique. Eu creo que nin vostede qu'ainda é un rapaciño, nin eu, que xa levo moita vida camiñada sabemos o que é a xuventude... Somos vellos...

ENRIQUE.—Non xogue comigo, que non-o merezo...

FANY.—Sonlle ruín pra vostede, non?

ADOLFO.—Os nosos amigos camiñan pol-o azur.

GUILLERME.—Queridiño, vexo que tamén queres voar...

LUÍSA.—E ten as suas razós.

ADOLFO.—Y-unha d'elas é que vostede vaime comprendendo.

LUÍSA.—Pois deixemos voar ôs nosos amigos e falemos nós paseniñamente antr'as froles do xardín. Escoite. Adolfo...

(Vanse.)

FANY.—Deixemos agora esas cousas, Enrique... ô fin... Mire, voulle falar con craridade. Vostede nin xiquera sabe quen son eu...

ENRIQUE.—Toda, toda a sua vida é o que me enmeigou.

FANY.—Sabe vostede qu'eu nacín en ningures, filla de ninguén, e que son do mundo inteiro?

ENRIQUE.—Si.

FANY.—Sabe que desde neniña traballei nos circos e Music-Halls, que sei moito da vida dos homes?

ENRIQUE.—Todo, todo.

FANY.—E que fun casada c'un home dino de ser Rajah? Era un home! Decían as xentes qu'era un vello... Era un home. Non m'esquecín, non. Despois de correl-o mundo tivo o espréndido antoxo d'erguer, de crear na terra da sua nacencia este feiticeiro *chateau*... A que non comprende vostede eso? Nin qu'eu sinta o feitizo d'este niño d'un vello sentimental?

ENRIQUE.—Non sei... Eu comprendo todo o seu, Fany... Mais vostede naceu pra outro mundo y-outra vida... O noso mundo, a nosa vida chea de beleza e d'artificialidade arrecendente... Son inxenieiro e sinto a beleza das construciós, sinto pouco a natureza.

FANY.—Parolas e nada mais... Natureza e construciós, que mais dá? O meu mundo é outro. Quérese deixar levar pol-o ensono un pouqueniño?

ENRIQUE.—Non estou xa n-un ensono â sua veira?

FANY.—Imos facer que vostede y-eu y-os nosos amigos somos persoaxes d'un conto como monicreques levados por fíos, vivindo n-un país lonxano no tempo...

Non?

ENRIQUE.—Entendo... Un conto de pastores, guerreiros e princesas.

FANY.—Mais lonxano ainda... Alén do adianto do mundo, ispidos da civilización, de todal-as preocupaciós...

ENRIQUE.—Que fermosa é a sua alma, Fany, tan chea d'ideaes meigos... Mais todo é un soño, un ademirábel soño... Y-a realidade pode ser mais fermosa.

FANY.—Xa sabe que tamén eu son muller de realidás. Porque non ha ser feito o qu'eu maxino.

ENRIQUE.—Os homes y-as mulleres eisí desprendidos de todol-os qu'en nós poñen os tempos, a sociedade y-a cultura non son de carne e óso, son símbolos somentes de forzas e de pasión... Y-eu sinto qu'o meu amor é un sentimento vivo en min, é meu, é de vostede, tal como a vin pol-a vez primeira e como a vexo agora.

FANY.—Pois eu non. A min gustariame ser un símbolo, unha forza ou unha pasión.

Boh! E quen sabe si ô fin todos somos eisí, somentes símbolos? E logo, a vostede que lle gusta ser n-este conto de monicreques que podíamos maxinar?

ENRIQUE.—A min, o seu amante.

FANY.—Déixese de lerias... *(Sacando do bolso unha caixiña de cigarettes).* Quere un Muratti? No fume, sinto ispiración... Pois eu quero ser, enténdame ben, quero ser eisí como unha reiña dos tempos vellos... E non se ría, porque sinón chámolle neno.

ENRIQUE.—Non me río, non dubido que vostede sexa de verdade unha reiña.

FANY.—Ainda me non entende... Eu quero decir unha reiña c'unha forza como de domeadora. Domeadora! Na miña vida de circo sempre sentín a mais grande ademiración y-envexa pol-as domeadoras dos mais salvaxes animaes, sobre todo, dos lións... Ver os seus ollos acesos, bramando ampeantes, pra

bouralos logo e britando a sua fereza, palpalos despois esmorecidos ôs meus pés...

ENRIQUE.—E pra esmorecer ôs seus pés será preciso sentir denantes bater o ferro da domeadora? Ou é que a vida fireulle con moitas mágoas ou moitos doores...

FANY.—Vai boa. E qu'a min non m'intresan as xentes do mundo que conezo. Unha xuventude aterecida... Homes que pra conquerir curazós de mulleres preséntanse xa como conqueridos... Y-eso é virilidade?

ENRIQUE.—Pero é posíbel que ningún home diante Fany poda resistir ô feitizo? Y-é o seu falar, o seu pensar, o seu arrecender qu'enmeiga...

FANY.—Ainda non conseguín que vostede deixase de me falar como un de tantos homes... Estou farta de desilusiós... Lémbrase vostede de Chinto?

ENRIQUE.—Quen é Chinto? Algún canciño?

FANY.—É aquel rapás fermoso, salvaxe, forte que choutando botouse a facer o que ningún de vostedes fará... E teño a seguranza que traerá ô meu Tom, que non é un canciño senón un lobicán, pol-as orellas, como si fose un añiño.

ENRIQUE.—Vostede non é boa, Fany. Gábase de facer sofrir. É posíbel qu'un cativo mozo d'aldeia a impresionase d'ese xeito?... Xunte vostede estas imaxes: un fedento peisano que traba un can... Grand Hotel... Biarriz... Montecarlo... Non vé que é cousa de risa?

FANY.—Fai un pouco falaba vostede de símbolos... Vexo que non se decata... Eu penso qu'ainda hai no mundo moitas cousas que poden bater no curazón... E teño saudade...

(Entra Luísa, seguida de Guillerme y-Adolfo.)

LUÍSA.—Veño a que me libres d'un compromiso, Fany. Estes dous amigos tan intelixentes e tan compridos, falan d'amor e rifan, e queren qu'eu sexa xués...

FANY.—Que é?

GUILLERME.—Ningunha cousa d'intrés... O fidalgo Adolfo decía que amor é unha xentileza y-unha adoración... Tempos dos troveiros!

ADOLFO.—Y-o médico Guillerme decía qu'o amor era un istinto y-unha esperencia.

LUÍSA.—Que dí Enrique?

ENRIQUE.—Pra un parolar ô cair da serán, todo está ben... Non, Fany?

FANY.—Eu non sei d'esas cousas. Soilo vexo qu'o meu Tom ainda non chega...

ADOLFO.—E mais é unha divertida historia... Eu aposto pol-o pastor salvaxe.

GUILLERME.—Y-eu aposto pol-o lobicán... Non se deixará coller.

LUÍSA.—E non se poderia apostar pol-os dous? Sempre rifando os bós amigos.

ADOLFO.—E vostede de cote pombiña de pás.

ENRIQUE.—*(Ollando ô xardín)*. Que cousa é aquela qu'aparece por alí?

LUÍSA.—O Raposiño!

GUILLERME.—Un ex-home, e parece un bó caso.

ADOLFO.—Xa está o médeco en funciós.

LUÍSA.—Respetabres amigos, o Raposiño é un parvo d'estas terras e como

todol-os parvos, mais sábeo que moitos sábeos. É eisí como un bufón.

FANY.—O bufón do noso Reino...

(Entra o Raposiño. É un home pequeniño como de corenta anos qu'anda collido a un pau, dobrado o corpo, co peito afundido. Non pode erguel-a cabeza e pra mirar â xente revira a cara e torce os ollos. Ten sempre unha branda surrisa de parvo y-unha voz agarimosa.)

O RAPOSIÑO.—Moi boenas tardes, fermosas siñoritiñas e nobres cabaleiros... E logo, non haberá unha esmoliña pr'ô Raposiño? Pol-as suas obrigas! Unha cadeliña ou un anaquiño de pan, anque sexa pequeniño...

FANY.—Tesnos que cantar algo, Raposiño... Estes siñores non creen que tí sabes moitas cousas.

RAPOSIÑO.—Moitas, d'este mundo e do outro, e tamén das ánimas qu'están padecendo... Pol-a sua memoria, unha cadeliña... Ou queren que lles conte a historia da galiña y-o raposo, o Migueliño, o Pico-Pico, ou o casamento do piollo y-a pulga...

ADOLFO.—Non, non por Dios, Raposiño.

ENRIQUE.—*(Dándolle unha cadela)*. Toma, Raposiño, e dí o que tí queiras.

RAPOSIÑO.—Nobre cabaleiro, que Deus llo pague e qu'unha fermosa dama lle dea agarimo... Xa ten ollos beiladores e trazas de fino amante... Pol-as súas ánimas...

Pater Noster pequeniño
Guíame por teu camiño
A il fun, a il cheguei
Tres Marías encontrei
De correr desalentadas
E todas tres acoitadas
Perguntando por Xesús
Xesús estaba na crús
C'os peciños a sangrar
Os dous encravados n-ela
Chamando por Madanela
Que llos viñese limpar
Tente, Madanela, tente
Non nos fagas descravar
Tente pol-as cinco chagas
Que ainda llos vas magoar
Pequeniños e grandiños
A todos hei de xuntar
E no día do Xuicio
Ós milloriños salvar.

Y-a todas siñoritiñas meigas e nobres cabaleiros, qu'o Siñor llo pague.

FANY.—E tamén sabe beilar o Raposiño, con moita grácea.

GUILLERME.—É intresante, un fermoso caso d'estudo.

LUÍSA.—Raposiño, e que lle dixo o corvo â formiga?

RAPOSIÑO

—Formiguiña, que guapa estás!
—Fago ben, que tí non mo dás.
—Queres casar comigo?
—E que m'has facer?

—Chuur, cai cai, corrá.
—Non, que me matarás.
Chega o lagarteiro
e dille mirándoa:
—Formiguiña, que guapa estás!
—Fago moi ben, que tí non mo dás.
—Queres casar comigo?
—E que m'has facer?
—Pli, pli, pli, pli, pli, pli.
—Non que m'arruñarás.

ENRIQUE.—Y-a formiguiña non casou con ninguén?

RAPOSIÑO

Veus'o carriciño
E dice mirándoa:
—Formiguiña, que guapa estás!
—Fago moi ben, que tí non mo dás.
—Queres casar comigo?
—E que m'has facer?
—Amarte a morrer!
—Comigo casarás...

ADOLFO.—Eso está moi ben, Raposiño. Toma a cadeliña... E non t'esquezas de mín.

GUILLERME.—E tí non te casas, Raposiño?

RAPOSIÑO.—Ejejé! que demoro... Unha moza garrida, ben axeitada e limpa, s'ela quixera... que demoro!

FANY.—É moi bó amigo, o Raposiño, e xa sabe que sempre ten acolleita na miña casa.

RAPOSIÑO.—Xa ven a noite e brincan os lobos ôs camiños, e xurde a Compaña. Damas bonitiñas, nobres cabaleiros, que Nosa Siñora de Gundián lles vaya y-o Corpiño lles ampare contra un mal d'ollo.

(Óyese ô lonxe un forte aturuxo na pás do anoitecer.)

ADOLFO.—Que berro é ese?... Non peligramos?

FANY.—O Chinto!

ENRIQUE.—O seu can, Fany.

FANY.—O meu lionciño novo!

(De novo un aturuxo mais preto, repinicando, quente e salvaxe racha o silenzo da hora.)

LUÍSA.—Meus amigos, agora vaise decidir a aposta. Paréceme que lle toca perder a Guillerme. Ehí ven o mozo arriscado.

GUILLERME.—Xa ven vostedes, miñas siñoras, como nos adoa a natureza facéndonos como neniños. Que cousas tan sinxelas entreteñen ôs homes do mundo da cultura n-estas terras tan lonxanas do noso mundo. Xa vemos como é posíbel un renacemento no colo da natureza. Terapéutica espirtual e física.

ADOLFO.—Non, non. A natureza é fermosa pra vela fuxir ô correr do auto. Hai moita humedade y-a mín eses berros y-estas xentes, como cousa exótica n-un circo, moi ben; outra cousa, non.

ENRIQUE.—Mais o certo é, Adolfo, que a vostede intrésalle ben o trunfo do home ou do cán.

ADOLFO.—Un intrés mais pequeno qu'o da nosa partida de pocker.

FANY.—Ainda non saben vostedes ollar ben as cousas grandes e recoller a intensidade das emociós.

(Síntese un ledo barullar de xentes y-un novo aturuxo de trunfo. Aparecen Gores, Catuxa, o chauffeur y-o groom e tras eles, Chinto, un mozo de vinte anos, forte, ergueito, con ollos de neno, que co-a mais grande sinxeleza se trocan de doces en feros, como espello de pasiós primitivas. Ven co-a camisa rachada chea de sangue, o peito descoberto, a testa ô aire y-os cabelos revoltos.)

CATUXA.—O Chinto, siñorita! Chegou! Diol-o trouxo con ben!

CHINTO.—Mateino! Siñorita, non ll'hai que facer... Matei o can!

FANY.—Tí que dís! que matachel-o Tom?

CHINTO.—Síntoo ben, siñorita! Unha mala fada! Non me rife, siñorita. Tivo que sere.

FANY.—E tí sabel-o que dis?

CHINTO.—Prégolle que non me rife, qu'ainda o sangue me brinca nos ollos...

FANY.—E tí eres o home valente? Pra matal-o abondaba eu. Calquera, c'un tiro...

CHINTO.—Un tiro! Vostede que crê! nin tiro, nin pau, nin coitelo... Abondaron as miñas maus.

GORES.—Siñorita, élle fillo d'unha meiga!

CATUXA.—Conta, Chinto, cóntalles...

CHINTO.—Pois conto... *(Todo afervoado)*. No regueiro da Laxa vin o can e boteime a él pr'o coller, y-o chegarlle, brincoume ô peito, esnaquizoume a roupa, e chantoume os dentes que semellaba un lobo adoecido. Ô vel-o sangue que me corría, abraceime a él e non puden aturar mais. Y-a rolos pol-o chán. Apertei, apertei, y-o can c'os ollos revirados qu'arrepiaban, mordía a eito, y-eu a apertar y-él a rencher os dentes... aganeino... Non ll'hai que facer!

FANY.—E tí coidas que ch'imos creer ise conto? E que t'ibas botar de valente diante d'uns siñoritos e da tua noiva?

CHINTO.—Ehí â veira da horta está o can sin feridas ainda c'os ollos abertos... Y-eiquí está o meu peito.

FANY.—É un bó conto pr'ôs cegos. Hai pra rir un pouco...

ENRIQUE.—É certo, Fany; é millor botal-o feito a risa.

CHINTO.—Quen se ri? Ninguén se ri de min? *(De xeito salvaxe)*. Nin siñoritos nin o demo!

FANY.—E tí quen eres pra falar sin meu permiso? Gores: non quero ver ese rapás mal criado. Ou el, ou tí, afora... *(Dirixíndose a Luisa, Enrique, Adolfo e Guillerme)*. Meus amigos, paréceme que xa bastou de diversión de lobos e de canciños, non?

(Vaise cara a casa.)

GUILLERME.—A verdade é que a historia é divertida.

ADOLFO.—Non me gustan moito estes deportes montañeses.

FANY.—*(Dirixíndose ô chauffeur y-ô groom)*. E vós eiquí quediños, non? Ninguén sirve...

LUÍSA.—E da aposta, Adolfo? De quen é a sorte?

ENRIQUE.—Do can, non, dende logo...

GUILLERME.—Pois non crea, é un verdadeiro probrema.

(Saen.)

(Quedan na escea Chinto, Gores e Catuxa.)

GORES.—Fixéchel-a boa, hó! Y-eu que te viña gabando por valente! Váichese pôr boa a Sabela!... Y-eu sin decatarme de que matando ô can, o can morrera!

CATUXA.—Meu pai, xa abondou. Non lle berre vostede ainda...

CHINTO.—Boeno, e qué? Voume e ninguén ten que falar mais.

GORES.—No, eso sí. Non ten volta. Sintoo ben, y-ainda quen sabe o que será... Deixa andal-o mundo, Chinto. Vaite! E que demoro!... Xa veremos... Deica mañán. *(Vaise).*

CATUXA.—Chinto!

CHINTO.—Que queres, rapariga?

CATUXA.—Chinto!

CHINTO.—Déixame!

CATUXA.—Eu quérote o mesmo, Chinto!

CHINTO.—Catuxiña, eu non sei o que teño; eu adoezo.

CATUXA.—Acouga, Chinto. Non t'enrabeches... E ten razón meu pai. Xa veremos... Eses siñoritos sonche como tolos.

CHINTO.—Y-eu non sei. Eu son fillo d'unha meiga!

CATUXA.—Que vas ser tí! O que eres ben sei eu... *(Doce).* E tí tamén. Non ves qu'eles hanse d'ir d'eiquí, e que nós quedamos?

CHINTO.—Catuxiña, estou cheo de xenreira... e somentes oirche falar, xa se me pon ledo o curazón... Catuxiña, anque me vaia, tí non m'esqueces, e non? Y-hemos parrafear na herbeira, e na fonte do Cruceiro, y-hasme agardar...

CATUXA.—Y-has avantar o valo pol-as noites, y-eu agárdote na porta ô luar... Mais ainda dame o curazón que non te vas.

CHINTO.—Voume, Catuxiña, voume... E voume xa esta noite.

CATUXA.—Non te vas, non quero que te vaias, Chinto.

CHINTO.—Y-ainda vouche dicir... Mira, Catuxa, eu quero ser rico, eu quero ser tan rico com'eses siñoritos; mais qu'eles. Hei de ter cartos pra mercar este pazo, y-os eidos... Y-hémonos casar no pazo tí e mais eu, y-hemos ter moito gando, moito ben...

CATUXA.—Eu quérote com'eres, Chinto. Dame medo que sexas rico.

CHINTO.—Moitas veces que rubín ô curuto da Hermida y-ôs picoutos do Testeiro, ô vere tantas terras ô lonxe, e mais lonxe outros montes, y-outros serras, sentín un degaro de camiñar alén, mais alén... E dábame unha tristura fonda... Quero vel-o mar... E pareciame qu'estabas â miña veira, e que me levabas voando... Pregunteille ô siñor abade si América é moi lonxe, e díxome que non... Catuxiña, co teu agarimo, quero ser rico... Quérome ir, pra volver outra vés e te bicar...

CATUXA.—Y-eu teño medo de te perder. E non estamos xa ben, xuntos os dous? Non te vaias Chinto. Dame medo.

(Aparece Fany amodiño c'unha doce surrisa, y-ô vela, estremécese Catuxa, e somella que vai fuxir.)

FANY.—Non tremedes, Catuxiña, que non vos vou facer mal...

CHINTO.—Eu non tremo, nin ela ten porqué.

FANY.—Teño que te falar, Chinto.

CATUXA.—Siñorita, xa anoitece. Co-a sua licenza, voume.

FANY.—Non tés porqué te ir, neniña... Si eu quérote ver leda. Porque choras?

(Agarimándoa). É que non te quere Chinto?

CATUXA.—É que o Chinto vaise, siñorita...

FANY.—Boeno, filliña, non t'acores. Déixao da miña conta. Acouga agora. Deica mañán.

(Vaise Catuxa.)

(Chinto, de pé, desafiante.)

FANY.—Qué? A Catuxiña quérete moito, non?... Seica me tés moita xenreira, Chinto... Fun un pouco ruín contigo, a verdade... Non me queres falar?

CHINTO.—Eu non lle fixen a vostede ningún mal... nin a ninguén, pra que se rían de min.

FANY.—Déuche vergonza que che rifase?

CHINTO.—Dou, e tamén de non lle bater ôs que se riron.

FANY.—Queríasme bater a min?

CHINTO.—Vostede é unha muller...

FANY.—Tí eres com'un toxo bravo, Chinto... Tamén eres eisí con Catuxa? Eu ben sei que non. Nin-o merece ela, que parece unha pombiña branca, y-arrecende a roseira y-é a tua ruliña, non?

CHINTO.—Siñorita...

FANY.—E tés que querela moito, moito...

CHINTO.—Quéroa com'o meu sangue.

FANY.—E non pensáchedes aínda en casarvos? E que tés que ganar moitos cartos pra traela feita unha reiña?

CHINTO.—Non teño cartos, non, nin facenda pra ela... E vostede botoume...

FANY.—Aínda non-o esqueciche? E ti pensas qu'eu son tan ruín? E que vas facer agora?

CHINTO.—Camiñar alén da serra, coller car'ô mar, pr'América.

FANY.—Tamén tí pensas qu'o ceo está en América! Eu sei ben o que é América. Non ch'aconsello que busques terra allea...

CHINTO.—E logo?

FANY.—Quero que ganes cartos sin sair d'eiquí, que te fagas rico eiquí, pra te casar con Catuxa, pra facela a tua muller, pra ter pretiño de ti sempre a pombiña branca qu'arrecende a roseira...

CHINTO.—Siñorita... Non fale eisí...

FANY.—Vaste quedar na miña casa. Vaste quedar servíndome a min, e ganarás mais cartos que n-América... Y-axiña. Dende mañán... Dende hoxe... Dende esta hora.

CHINTO.—Siñorita... Non sei... Vostede si que é a pombiña da Nosa Siñora...

FANY.—Non che pregunto si queres ou non... Mándocho. Decátaste ben? É que cho mando.

CHINTO.—Y-eu que vou facer?... Non merezo nada... non-o merezo...

FANY.—Mañán saindo o sol, na miña casa, y-ô meu servizo... Chinto, non aturuxas agora?

(Vaise.)

(Queda Chinto primeiro c'os ollos baixos e logo vaina seguindo co-a vista, sin fala e sin saber que facer, detido n-unha relixiosa ademiración. Antre as sombras sai a voz da meiga cega):

Pr'onde queres voar, filliño? Cal é, meu Chinto, o camiño por onde os *ventos te levan* y-os *ventos te tran?* Non esquezas, miña xoya, o agarimo da tua nai sin agarimo...: Non vexo a lús do mundo, e quérote no meu camiño...

CHINTO.—Alá vou, miña nai, miña naiciña qu'eu non sei que *ventos me levan,* que *ventos me tran.*

A VELLA.—A noite de San Xoan te bendiga, y-a frol da xesta do mayo t'ampare, com'eu t'agardo cada día e cada noite...

BAIXA O PANO

"Nós", núm. 71, 15-XI-1929.

ENSAIOS

TEORÍA CUASI TRASCENDENTAL DE VELOCIDADE

(Ensaio incompleto)

I

O conceuto do Tempo y-o do Espacio é un tema eternamente autual y-un Tema-eixo d'a especulación científica e filosófica. Non imos a nos meter agora n-il d'un xeito científico. Non imos comentar a Kant ou a Bergson, anque sin querelo podamos dare c'os vellos razonamentos de Zenón de Elea. Estas observaciós, fillas, podería dicir, d'unha intuición, chegaron ó meu convencimento sin qu'ainda lles pudera atopar unha base científica.

As relaciós do Espacio e do Tempo poden ter un fondo sinificado e n-élas poderíase ver unha espricación filosófica da vida; mais sobre todo, d'élas nasce unha teoría do desenvolvemento da Velocidade n-o mundo que me parece cuase trascendental.

Foi sempre unha tendencia do home camiñar d'un lugar a outro o máis aixiña posíbel. O se movere co'a velocidade que cumpre n-un caso dado, foi dend'os máis antigos tempos unha posibilidade que sinificou forza física y-económica. Eisí os vellos patriarcas, os xefes d'as tribus nómadas y-os grandes guerreiros. Os seus gandos, as súas bestas y-os seus carros eran a espresión da potencialidade súa.

Somentes os probes d'alma, fallos d'inquietude, y-os probiños de corpo, fallos de forteza íbanse quedando ó derradeiro. A potencia de velocidade era o trunfo n-a vida, un istrumento de dominación. Os escravos e toda a caste de servos, collíanse pra deixalos n-as casas ou n-os eidos, n-a inmovilidade do traballo diario, ou pra seren unha axuda máis ó servicio da Velocidade dos poderosos.

Por moito tempo, por moitos sigros, quen non tuvera un faco, ou un carro, ou un barco, e quixera se movere, habíase resinar ás longas camiñatas a pé, ou camiñar dentro d'a y-alma.

Chegaron ó fin os tempos en qu'os istrumentos de viaxar, as vellas dilixencias (n-o tempo de Lois XIV saíron as pirmeiras carrozas d'alquiler n-a cidade de París), os barcos de pasaxe y-os primeiros trens ademitiron a todol-os homes. A velocidade foise facendo popular; máis ainda era un luxo.

Trasformada toda a organización social, a máquina da vida industrial e comercial nova impuxo a grande velocidade. Como unha de tantas rodas ou correaxes de trasmisión, os probiños d'outros tempos, proletarios d'hoxe, sentiron a imposición do máis bulideiro movimento. A velocidade non era xa un luxo, sinón un mandamento da vida.

O desenrolo dos medeos de movimento co'a enerxía eléutrica y-os nóvos motores, todo elo ainda costoso e difícile de conseguirse, paresce estabrecer

unha nóva diferencia antr'os que queren camiñar á maor présa. Son os ricos, y-os fórtes, os comerciantes y-os soldados quen viven a eito a vida da velocidade.

A roda da civilización non pode parar e colle n-ela ós traballadores, que se ven envoltos n-o movimento, y-a eles é a quen a sociedade pide o mais grande esforzo. Vense forzados a camiñaren co'a mesma présa dos poidentes.

Unha cidade moderna de vida industrial ou comercial, ou un centro mineiro, son un enxamio de movimentos y-unha longa mostra de velocidás. Os obreiros que, pra acolleitaren vivendas de pouco costo, van vivire n-as aforas, pra chegare a tempo ás fábricas y-ás tendas, teñen qu'aproveitar bicicletas, tranways, camións, trens... Os mineiros, pra s'afundiren n-a térra ou rubiren ós cotos d'esprotación, fanno n-ascensores de toda cras. Y-os trens aéreos ou subterráneos d'as grandes urbes, n-as horas da mañán e da noite, énchense de traballadores...

Podemos tel-a seguranza de qu'o aumento das posibilidás da velocidade ha siguire c'o progreso da técnica industrial. Os homes que pra viviren precisen un traballo a eito, non se poderán endexamáis liberare de siguil-o camiño do progreso da técnica. Si un automotore de servicio púbrico fai 200 kilómetros á hora, n-il hanse meter os operarios, pra chegaren ben a tempo ó seu traballo.

Outro feito. Os capitalistas, os homes que teñen libertade n-a súa vida económica, os direutores d'empresas, os traballadores da intelixencia, non teñen a cuotidiana e regramentada esixencia da velocidade. Si queren, poden camiñar paseniño.

Imaxinando unha vida normal n-o porvir, n-a qu'os viaxes se fagan pol-o campo ou do campo á cidade a unha máxima velocidade, é moi doado creere qu'os homes hanse afacer a ollar a Natureza n-o xeito en que se lles ofrece ó pasar por diante d'éla.

Cando pasamos c'unha grande rapideza, o paisaxe vaise alongando, e d'as cousas somentes vemol-o máis estérior da súa forma, vémolas esquematizadas n-o dibuxo e si se pudera dicir n-a coor. Supoñamos á máis da xente afeita a pasar fuxindo diante das veigas y-as fragas, e toda a visión da Natureza será apaisada y-esquematizada.

Podemos supoñer ainda que despois de longos anos d'adaptación, os óllos do home d'hoxe xa non poderán mirar como ainda nós miramos. As imaxes d'as cousas: prantas, albres, follas, herbas, gromos, froles e d'a máis da fauna do campo, serán imaxes mortas, dibuxadas n-un alongamento e d'unha coor envolta en brétema. A libertade do home ficará baixo o imperativo do engranaxe da vida, que ll'impón un leixamento da Natureza.

¡Qué estraneza a d'un home e qué festa pr'a súa curiosidade o vere preto de sí, n-a calma d'un esparxemento, un albre, follas, ou paxariños!

E podería chegar un tempo en que, o sino de forteza e de grande potencialidade, sería o camiñar a pé deténdose con agarimo a carón de toda cousa da Natureza libre.

II

Hastra d'agora cuasementes, non-os referimos máis qu'ó movimento enxebremente físico y-esterior, máis a trayeutoria da Velocidade, en todal-as manifestacións da actividade humán, foi y-é somellante.

Dend'os tempos mais lonxanos os intereses comerciás fixeron imprescindíbel a rapidés n-a comunicación antr'os homes. A vida do comercio foron os camiños dos mares e dos ríos. Os homes que vendían e mercaban levaban a representación da capacidade produtiva das súas terras. Inda non abondaba isto, e viñeron as fatorías y-estabrecimentos permanentes de toda cras, a maneira d'imaxes dos países d'orixen, n-outros países alleos, e logo a difusión pol-as armas no *hinterland*, da potencialidade políteca y-económica.

O *cambeo*, na forma de *troque* imediato d'uns produtos por outros foi o comenzo das transaciós mercantís. A trasformación do *troque* en *venda* e *merca* pol-o intermedeo do diñeiro, foi o siñal da velocidade nas relaciós comerciás antr'os homes. Xa non era a produción humán enxebre a que servía d'istrumento único n-esas relaciós. O diñeiro axeitaba millor pr'á rapidés do *intertroque*, mais tamén co'il as relaciós humáns s'esquematizaban, pois a *moeda* non é outra cousa qu'o esquema d'un valore en troque.

O mais grande progreso y-a trasformación fonda do comerceo naceron do *creto* comercial. O *creto* é a mais sinxela simprificación das relacións mercantís. O creto da unha velocidade tal ó diñeiro como intermediario, que chega a suprimil-o, sustituindoo por verbas y-hastra por unha soila, y-eisí un valore comercial, un produto da natureza ou da industria, ou unha grande cantidade de diñeiro chega en imaxen, sin perder ningunha cousa do seu valor, con seguranza compreta y-o mais axiña posíbel da Europa á América. O desenrolo do contrato de cambeo ven d'ise xeito a aumental-as posibilidás d'unha mais grande rapidés.

Y-agora coñecemos os tempos n-os q'unha sinxela parola telegráfica ou in-arámica estabrece unha relación y-un contrato antre duas asociaciós mercantís por importantes que elas sexan.

A institución dos viaxantes de comercio, xa c'o seu nome leva dito que o trunfo comercial era custión de movimento e velocidade: son as casas produtoras y-os grandes almacéns os que se trasladan d'un lugar a outro n-a, persoa do viaxante, y-esto é tamén o que sinifican as representaciós permanentes dos grandes produtores y-almacenistas.

Referímonos n-esta descrición, somentes ás grandes forzas da industria e do comerceo. A veira d'elas, ainda viven os pequenos traballadores que de casa en casa ou de feira en feira, levan, levan paseniño os seus artículos, ofrecéndoos á venda. Fixado un preceo n-as grandes tendas, pra suprimire verbas inutis, porque o tempo cumpre, somentes a realidade eterna do intertroque humán tén unha representación n-eses pequenos comerciantes d'os camiños, c'os que s'axusta e se rallea a eito.

Na vida mercantil normal dos pobos, n-as suas grandes operaciós, os homes xa non falan c'os homes y-as parolas qu'enchen as cartas d'os tratos ou os sinos telegráficos, son esquemas d'unha actividade humán. Suprímese a escritura persoal, e pra borral-as características individuás humáns, emprégase unha máquina que faga somellantes todal-as escrituras. Duas verbas abondan, e levan un valore d'esactitude matemática, suprimindo o parolar espresivo de calquer xeito de sentimentalidade. Y-eisí a velocidade comercial aumenta y-as relacións antr'os homes espállanse, mais istas mismas relacións, coma todo o carauterístico da fauna humán, s'esquematiza. Trátanse os ho-

mes das mais lonxanas terras, pro non coma homes, senón como istrumentos d'unha andrómena en movimento.

N-un grande *crac* financieiro, que colla n-o esnaquizamento a unha multitude d'homes, ricos e probes, orfos e fortes, a psicoloxía humán non está integralmente representada: falla o sentimento. N-ise feito tan diario da vida moderna, traballan predominantemente a intelixencia y-a vontade, porque as súas esteriorizaciós están mais axeitadas á esquematización xeral: todo se resolve en númaros e combinaciós autivas. Mais, quen se lembra con simpatía dos malferidos pol-o *crac*? Están lonxe, non se trata de homes con nai, muller ou fillos, trátase de acredores, debidores e tenedores d'un valore cotizabre.

Y-eisí, hastr'os grandes praceres ou doores posibels n-as outas combinaciós financieiras, resólvense n-unha inquietude d'espectación no fuxir da corrente das transaciós, dependendo moitas veces da materialidade do trasporte ou do *outillage*.

Vese bén qu'a produción da nósa concencia, o millor de nós, convírtese n-unha cousa valorabre d'un xeito métrico-decimal, é decire, que s'obxetiva por compreto. Todo acto mercantil é primitivamente un acto humán, c'un valore subxectivo, mais ó simprifical-o pra que poida se movere o mais rápidamente, convertíndoo n-un sino, xa non é acto humán, é unha cousa que non está n-a nósa concencia, senón no mercado, suxeta a toda influenza esteriore.

Todo isto qu'asomella unha dinámica vital ademirabre, mais adiante veremos que se traduz en estática enxebre, e canto mais bule ise movimento esterior, menos dinámica vital humán encerra.

Que grande pracere o se poderen parar un istante os homes, e coñecérense tales, e falaren coma homes! Mais pra isto tamén, somentes son doados os mais ricos e fortes. Un poderoso financieiro ainda pode *sentire* n-os seus tratos, tén os seus sobrantes e pode facer un favore. Os númaros do seu libro son dupricados pol-o menos. Un financieiro corrente non pode dar un dos seus númaros, sin alteral-a serie: o favore non entra n-as suas posibilidás de caixa, n-a que xiquera pode ter pechado o curazón. O porvir non leva ese camiño.

"Nós", núm. 2, 30-XI-1920.

ENCOL DA PROSA GALEGA

Antr'os inéditos do noso inesquecente compañeiro atopamos iste, que fora lido por il no Seminario d'Estudos Galegos e que, tanto por recoller todol-os seus traballos canto pol-o grande valor intrínseco qu'iste ten dende moitos puntos de vista, damos hoxe aos nosos leitores. Lousada Diéguez fixo iste traballo preocupado pol-o probrema da formación en idioma galego, da lingoaxe filosófica, e costitue pra elo unha boa aportazón. "Nós".

Este traballo ten de escomenzare por unha espricación do traballo mesmo. O eixo d-esto qu-hoxe presento con todo agarimo ô Seminario d-Estudos galegos é un eixemplo, y-o eixemplo é unha tradución d-un escrito que ningunha cousa ten de preto con Galiza e co-as cousas galegas. Emporeso, abo-

fellas coido, que pode acaer moi ben co-a finalidade d-esta moza, galeguísima e varil Sociedade. Direivos prôme de que.

Xa é sabido qu-a língua galega tan froitosa n-a súa literatura cancioneira, ten sido pouco traballada n-a prosa. Ainda facendo conta d-os escritos qu-en prosa galega téñense feito dende o século XIII ô cair do XV, traduciós os mais d-eles coma os anacos atopados das Partidas do Rey Sábeo, de Crónicas, da Leyenda aurea e demais [1] e sendo outras mostras, testamentos, contratos, regras de Cofradías e Congregaciós, o certo é qu-a prosa galega non tiña unha valuación quente de pensamento orixinal co-a emotividade percisa pra lle dar pulo a unha fala enriquecendo-a con parolas e xiros, ata chegar a ser tamén dona dos termos técnicos que de cote andan na comunidade científica universal.

Non sei se serei moi afouto ô dicir que se ten escrito en prosa galega mais n-o pouco que vai de século qu-en toda â vida d-a nosa fala [2]. Lembrarvos da rivista "A Nosa Terra", do novo teatro en prosa tan xurdio c-o mestre Cotarelo, d-as pubricaciós de "Céltiga", das novelas, y-a mais da rivista "Nós", onde tanto e tan ben se traballou.

Non hai quen non seipa qu-a parola musicale, a literatura cancioneira vai sempre camiño adiante da prosa, e que esta da por feito un longo traballo da língua y-é eispresión d-unha cultura. Escadasí a fala galega dempois da súa vida poética e do lume cultural do século XII debería ter unha axeitada prosa enxebre. Deixo ese estudo pr-os esbigoadores da historia da literatura galega. O conto é qu-hoxe síntese un valeiro qu-é preciso encher.

Si é verdade a probeza da nosa fala no terreo científico non se pode dicir qu-ela teña un orixe n-a probeza do pensamento. O pensamento ten moitas manifestaciós, todas outas e d-un valor humán. O pensamento galego tense crarexado con toda forza en manifestaciós artístecas, pois non somentes a filosofía y-a cencia son concepciós do mundo e da vida, que tamén o son o arte dos escollidos y o arte do pobo.

O desenrolo da cencia e da Filosofía é fillo de moitas circunstancias alleas que collen millor a uns pobos qu-a outros e determiñan n-eles un pensamento y-un xeito de traballo. Non foron moi amorosas esas circunstanceas pr-o pobo galego. Na Edade Medea foron os conventos, foi Roma, foi o infruxo dos seguidores árabes d-Aristóteles, as escolas y-as Universidades os que deron movimento e intrés âs especulaciós científicas, e foi o latín ata moi medeada a Edade nova o istrumento língua de que se valía a cultura. Xeográficamente Galiza estaba leixada, y-económicamente era un asento cativo, pra unha actividade —qu-anque somelle paradoxa— supón requezas a eito.

Por moito qu-un pobo s-afeizoe a unha cultura, si esta ha ser traballada n-unha fala allea seguindo os usos do tempo, como no caso do latín non é difícile decatarse do retraso qu-ha levar o desenvolvemento da fala propea. Viñeron logo pr-a língua galega tempos de contrariedade no asoballamento que impuxo o castelán c-o poder político, e co-a fuxida dos poderosos galegos aguillados pol-os praceres da cortesanía en derredor dos Reises. Den-

---

[1] Véxase antr-outras as novas que da o P. Atanasio López n-a páxina 30 dos seus Estudios crítico-históricos de Galicia.

[2] Non se pode esquecer "A Tecedeira de Bonaval" do inmorrente López Ferreiro, novela-guía de prosa galega pubricada nos fis do século que pasou.

d-entón acobexouse a nosa fala n-a homildanza das aldeas e dos probiños coma cousa cativa e de mal criados. Con todo, os groriosos Feijóo e Sarmiento souperon ver toda a forza de vitalidade que latexaba n-aquela fala esmorecida e no pobo dormiñento. Si aqueles dous grandes homes non viviran baixo o alentar do ermo universalismo do século XVIII, teríamos hoxe ben acimentada de novo a prosa galega.

E xa estamos postos de cara ô probrema da vitalidade das língoas y-o valor da súa diversidade diante do universalismo da cultura. Todos sabemos qu-é un fondo degaro de moitos homes o chegar â unidade da fala n-o mundo, e qu-a cencia camiña a esa unidade c-o linguaxe matemático e c-o emprego das parolas técnicas, as mesmas pra todal-as falas. ¿A que ven logo, diráse, o esforzo pra avivecer, y-anovar n-unha fala amortecida?

Dous erros fundamentaes, coido eu qu-hai n-a teoría universalista. O pirmeiro e tel-ô linguaxe por un istrumento pra nos entender millor uns homes c-os outros, y-o derradeiro erro é apuar a importanza das falas no vocabulario, é decir nas parolas mesmas.

Unha língua é diante nada un istrumento pra a-ución, é unha eispresión do pensamento c-unha finalidade, y-esto non do pensamento ispido senón cheo de sentimento, como n-unha resposta afectiva âs chamadas do mundo esterior ou da concencia propia. Dous homes poden falar n-a mesma língua e non s-entender o un c-o outro n-os seus pensamentos, mais as súas parolas decote servirán pra que s-entendan en col d-os feitos e das cousas. Ningunha idea xunta ôs homes tanto como a igualdade de sentimentos.

As parolas de por si non fan tanto unha língua —y-esto é ben craro— coma os xiros, as voltas, revoltas, froleos e misturas das parolas mesmas e dende logo a pronunciación, o xeito da fala, qu-é a ánima y-o arrecendor da língua. Pol-o mesmo hay y-haberá línguas mortas e línguas vivas.

E dempois d-esquirbir o que vai dito, n-un descanso leo periódicos e doume conta de que pra moitos espritos valeiros de sentimento, a realidade non ten sinificado en ningures, e somentes lles fan latexar, as parolas vacías, as ideas mortas, que nada dín ô curazón, brétemas qu-amortaxan o porvir.

Ninguén pode dubidar qu-a cencia é universale, y-é mais que probábel a unidade da cultura humán como un desexo, y-o longo com-un feito. Mais isto nada dí pra que non se traballe a cencia e se faga cultura con istrumentos humáns, como son as línguas, que non serían humáns senón tiveran a variedade das manifestaciós da psicoloxía do home, c-o seu difrente xeito de reacionar diante do medeo, tral-as lembranzas y-alumeado pol-os degaros.

Un ideal é tanto mais ample, pra nós homes, canta mais quentura d-humanidade teña, quentura que da un sentimento, pois un ideal non é a idea-esquema, é a idea viva, enfeitizada pol-a emoción. Eisí pode ser un ideal pequeno a idea de fraternidade e pode ser un ideal mais grande c-o mundo o lle dar un bico a un vello podre que prega unha esmola. Os ideaes non teñen medición, ou son ideaes de forza viva ou son ideaes mortos.

Anovar a língua galega será consecuenza d-unha necesidade si esta necesidade ten a súa nacencia n-un degaro de verdade, de ben, e de beleza, n-un degaro que mova o esprito car-o esforzo y-o sacrifizo levandoo si é posíbel a unha renacencia, que si é unha creación será a millor mostra do froito do sacrifizo.

Como Pascal a xuventude galega d-hoxe pode dicir ôs homes d-esprito doente: Non nos perguntedes pol-as novas razós. Non hay razós frías pr-o sentimento, as labaradas do curazón teñen as súas razós tamén, mais van alcendidas por un fogo qu-has leva tan de presa que non da tempo a un parrafeo, pois todo lle cumpre pra a-ación.

Canta cativeza leva en si a codia do pensar! Hai moita xente que non se decata que se pode remedar o pensamento con parolas y-estar âs portas do esprito fora do seu agarimo.

Namentras os aires da Nosa Terra nos trayan n-o seu zoar unha armonía c-o falar dos homes que sementan o pan e recollen o sangue da terra. Namentras as lembranzas das nosas nais teñan o queixume do falar galego, namentras as vountades sintan o forte desexo dun mais alá, non se pode dubidar da necesidade da renacencia galega.

Deixei de ler os periódicos, e sigo camiño adiante.

Fai pouco tempo, escribía Vicente Risco —un dos bós— sobre da superioridade das línguas virxes en comparanza das línguas traballadas. Mais esto somentes é comprensíbel pra aqueles que se decaten do que hay de feitizo, de enerxía emocional acobexada nas falas do pobo. Y-eu quero que lembredes eiquí o "Elogi de la paraula" do grande Johan Maragall.

Tamén se ve eisí a dificultade do traballo escrito na prosa onde pra avivecer a parola falla a musicalidade do verso y-é perciso azoroñar por antr-a fala pra fuxir de todo o qu-está ermo e buído. Mais toda a dificultade do traballar unha fala, un escrito, vese ben pagado pol-o que ten de creación, de rexurdimento do esprito que s-acogula de enerxía humán, pra espallar axiña os froitos ben madurados do pensamento ou com-as polas ben cheas de sangue do albre bicados pol-o sol da primaveira comenzan â agromar.

A prosa galega é certo que tropeza moitas veces co-a cativeza do seu vocabulario. I-esto é ainda tendo un tesouro n-as nosas mans e ben preto de nós. Témol-o tesouro do pobo que non s-aproveita canto debíamos.

O feito indiscutíbel eo qu-a fala galega é enxebremente labrega, y-as mais das parolas nosas son de labranza e de todo o que n-as aldeas hai, e n-os eidos, n-as touzas, n-as fragas ou n-os montes. Mais esto é un feito n-a historia de todal-as falas. As parolas desenvolvense e collen sinificados novos de moitas maneiras. Na sua nacencia as mais das raíces de parolas tiñan unha sinificación *abstrata*[3] o latín avis, castelán ave e grego ολοyos queren decir, algunha cousa que voa e como este centos de eixempros. Foi despois cando adequiriron os termos a sinificación *concreta* d-hoxe. Pro donde collen as parolas a sua mais grande riqueza é n-as metáforas. A calquer parola por ben labrega e ben enxebre qu-ela sexa podeselle dar un outo sinificado e levala d-aldea â cidade, d-unha corredoira â bioloxía, d-unha ruada â filosofía. O termo *inzar* qu-os labregos empregan pra sinificar com-as raíces de certos albres s-estenden a eito e todo axiña, ou como certas herbas s-espallan n-un terreo, é unha parola que tamén pode sinificar o espallamento d-unha idea. E como en castelán se fala do *campo* ou terreo d-unha cencia podemos decir en galego o terreo da Física ou do Analisis. Coido que non

---

[3] Max Müller: The Scienci of thought - Londres, 1887, cap. VIII - Referencia ô estado lóxico do linguaxe y-as teorías do Max Müller en Mercier: Logique: Chap. II, 53.

cumpla amorear mais eixempros, y-este termo *amorear* eixempros é un eixempro mais.

Son moitas as persoas, sinxeliñas dos miolos, com-os picariños, pra non lles chamar parvas, que xuzgan da nobreza e da crianza da nova fala pol-as parolas aldeáns qu-emprega e pol-os labregos qu-a sosteñen. Coma si todol-os días esas xentes *bien* non puxeran n-os seus beizos malas parolas moitas veces de orixen non tan limpo, nin tan humán com-as parolas que cheiran a xesta y-o vento mareiro. I-abonda de labercadas.

A fala galega ten dereito como todal-as língoas a facer colleita n-o lenguaxe técnico fillo o mais d'él das língoas crásicas adoando as parolas ô seu mesmo xeito. Ningunha fala se chama probe por facer tal achego.

Onde s-ergue a mais grande dificultade é ô decatarnos de que moitos levados por unha costume y-unha infruenza pol-o d-agora inevitábel remoen o seu pensamento con verbas casteláns qu-os libros y-o insiño sementaron y-afondaron, y-ata a feitura do falar leixase pouco a pouco do aire galego. Todos temos visto como s-enfouza a prosa galega empregando a eito o verbo haber en tempos compostos d-un xeito que non ademite a gramática galega. E moitas veces fanno os que falando en castelán, empregan as formas galegas, cando n-os mesmos defeutos do seu falar castelán teñen unha boa guía.

De conseguinte ningunha cousa millor pra avivecer a nosa feiticeira fala que o estudo da fala labrega, y-o estudo da gramática galega. I-os que remexen n-a historia de Galiza poden dar o mais grande amparo ô rexurdimento da língoa, traballando n-o vocabulario da prosa galega da Edade Medea fonte e deloiro ô mesmo tempo da nosa literatura.

Facer traduciós ô galego de cousas qu-o merezan coido qu-é tamén abranguer requezas e domear a fala adoandoa â diversidade dos pensamentos e d-as cuestiós mais alleas.

O eixempro qu-agora vos poño diante é unha tradución ô galego d-un artigo de críteca filosófica. Non é a primeira vés qu-o galego achégase os eidos da Filosofía e da cencia. Johan Viqueira, meu colega do Istituto da Cruña co-a forte cultura ten traballado n-ese camiño. Meu outro colega que foi do Istituto d-Ourense Johan Aznar fixo sair en *Nós* a sua tradución do tratado Quod nihil scitur do filósofo de Tuy Francisco Sánchez c-un estudo fermoso en col do autor. Tamén nos artigos do Castelao — non fan falla as loubanzas — sobr'o arte novo atópanse traduciós d-anacos de Platón e d-estéticos d-hoxe. Cuasementes non hai n-a dita revista *Nós* artigos do benemérito Risco en qu-a língua galega non s-estenda por novos y-outos terreos. I-eisí Otero Pedrayo, y-o Cuevillas n-a Historea, y-outros que fan alumear â espranza.

O escrito que vos dou é tirado da Revista da Filosofía neo-scolastica de Milano e n-el o mestre Proff Lodovico Necchi baixo os nomes de Spazio e tempo fai unha ben intresante ollada das teorías do Einstein, que ganaron en fondo intrés dende qu-os periodistas deixaron en acougo o grande científico alemán.

ESPAZO E TEMPO

Ehí temos un eido n-o que se traballou a mais fonda revolta. Pol-as especulaciós philosóficas dende Descartes a Kant e de Kant ôs nosos días, e

baixo o infruxo do esbigoar fisiolóxico e psicolóxico, o probrema do espazo e do tempo collera unha cara ben determiñada e ben coñecida pr-os estudosos. De súpeto intervén un feito novo de fondamentale importanza. Pol-os traballos dos físicos e dos matemáticos Fitz Gerald, Loventz, Minkowki, e por riba de todo do Alberte Einstein, os termos da custión foron trocados, y-a matinadura foi levada do tarreo speculativo e físico-fisiolóxico âs rexiós outas e ben difices da matemática superiore. É ben fácile decatarse d-este mudamento, ô camiñar pol-a mais nova philosofía. Esquécense agora, ou topan pequena acolleita as loitas antr-os seguidores y-os negadores das concrusións da Estética trascendentale kantián; y-ainda de rifa de cote antr-os nativistas y-os empiristas en col do orixen das representaciós espaciaes e temporaes non aparescen mais que poucas marcas: o intrés dos estudosos volven todo car-as teorías einstenianas.

Non é iste o logar d-espor as tales teorías —cousa ben longa e difice... A custión que nos intresa diante da teoría da relatividade é a que mira âs suas relaciós co-a philosofía—. Teñen as novas do Einstein que tan profondamente firen as ideias das mais das xentes sob-o espazo y-o tempo un valore philosófico? Ou debense ter por valeiras astrauciós matemáticas sen ningunha relación co-a realidade? Os pareceres dos estudosos ainda están enfouzados: as tesis mais alleas, sostéñense co-a mesma forza, y-ende por iso non é fácile o arranxo. Parécenos qu-o probrema ten de sere posto distinguindo diantes nada as posicións das difrentes direciós philosóficas.

Pr-os idealistas Einstein persenta un xurdio tropezo. D-unha banda co-a relativización dos concetos de tempo, e d-espazo, feito con datos enxebremente científicos, parécelles que recollen novos materiaes pr'a críteca radical e da cencia qu-o idealismo promove e fai sua. Mais pol-a outra banda com-esquecer qu-a teoría da relatividade, percisamente porqu-arrinca dos feitos esperimentaes, a esperencia de Fizeau, de Michelson e Morley, de Maiorana, non pode fuxir da valoración qu-o idealismo fai, diante os métodos y-a esperencia científicos? Os idealistas tópanse ô cabo cara iste chamante dilema: ou acoller e valorizare philosóficamente as esperencias devanditas, tendo en conta as secuenzas que d-ilas foron tiradas y-entón vai de seu ô esquecemento da críteca da cencia e dos métodos esperimentaes — ou negare todo valor â aquilas esperencias, facendo forza n-a ollada idealista sobre da cencia e da esperencia científica en xeral, e n-iste caso é perciso conformarse a ver esfumegarse a autoridade qu-a teoría einstenian somellaba traguer pra unha conceción relativista do universo, e logo indiretamente do idealismo.

Pol-o dito non é milagre que n-a valoración da teoría einstenian os idealistas tópense antr-eles desviados e devididos. Namentres o Bonucci [4], o Caor [5] e n-o seu propeo aviscar o Alliotta saúdan n-a teoría da relatividade unha feiticeira confirmación das teorías idealistas que ven do tarreo da cencia por todo tempo traballado pol-o asolutismo, Ugo Spirito [6] estránase moito d-iste afervoamento que xuzga adiantado e sinxelo, advirtindo ôs colegas teñan ollo

---

[4] A. Bonucci: La teoría di Einstein nel suo significato idealistico - Rivista trimestrali di studi filosofici e religiosi. 3.º trim. 1920.

[5] Caor: The general principe of relativity in its philosophiche and historical aspect. London, 1920.

[6] Ugo Spirito: Le interpretazioni idealisticha delle teorie di Einstein. Giornale critico della filosofia italiana - Giugno, 1921.

pois "a cencia interprétase idealisticamente somentes canto que se nega". Nós facendo astración d-ista premisa idealista, non podemos decir que vai mal o Spirito cando asegura, que n-a teoría do Einstein somentes a codia é relativista, sendo o cerne craramente realista. I-é o feito, pois o contino espazo-tempo do Minkowski, os campos gravitacionaes, as dés ecuacións do Einstein, queren verdadeiramente repersentar a realidade como é, a unha veira do embercello que nasce da maneira como a realidade aparesce pra nós. A teoría da relatividade é somentes n-a aparenza unha teoría relativista; ela verdadeiramente está car-ô asoluto. Certamente podemos coller as parolas d-un autor o Alliota — qu-ainda s-esforza en tirar da teoría mesma consecuenzas d-un verdadeiro senso relativista. "O postulado realista está pois verdadeiramente no fondo do pensamento do Einstein porque a sua teoría pretende donar unha formulación das leis do mundo en si mesmo. Ningún cicais ollou ô asoluto mais de cote qu-o teórico da relatividade no seu esforzo pra libertar a nosa visión do mundo de todo o que n-ela está engarrado â nosa perspetiva humán" [7].

Mais si é abrouxante a posición do idealismo diante do Einstein, tamén é pouco leda a da teoría kantián da idealidade trascendentale do tempo e do espazo — o espazo y-o tempo kantián "son relativos e asolutos â unha. Relativos no que penduran da nosa feitura mentale; asolutos no que son formas a priori das nosas sensacións. N-este senso o espazo (euclídeo) e o tempo eiquí deron unha volta pra sempre [8]. Agora Einstein co-as suas terribels fórmulas matemáticas escorrenta istas formas a priori: o espazo y-o tempo veñen relativos pr'o aviscador seu, relativos ô punto de referimento. O qu-alí hay d-asoluto é un deseguido espazo-tempo que non acertamos a nos representar e que de ningún xeito pode ser unha forma a priori das nosas sensacións.

Queda agora por ver cal ha ser o xuizo en col da teoría da relatividade dos que defendemos un dexergar realista do mundo. Non hay mais que pensar no valore qu-as nosas representacións espaciaes e temporaes teñen n-unha semellante ollada, pra se decatar do que intresa asentar as relacións da nosa teoría c-os vellos e comúns concetos. Pra non nos enganar temos que decrarar axiña qu-a relativización dos concetos d-espazo e tempo n-a teoría d-Einstein é feita ela toda enriba da necesidade que s-atopa de ter un punto de referimento pra facer unha medida calquer. Como pr'o espazo (e pr'o tempo) falla un punto de referimento asoluto (corpo n-o asosego asoluto, trasminsión súpeta de señaes) lévase d-ehí qu-os concetos de movimento y-asosego, de simultaneidade, d-antecedenza ou consequenza temporaes, veñan a sere relativizados matemáticamente. Mais ista relativización matemática ten éla mesma un valore philosóphico? Pra dar unha resposta afirmativa hay qu-abesullare com-un mecanicista enxebre. Agora, que non ademitindo mais qu'elementos materiaes e movimento de logar, débese chegar âs consequenzas ditas pol-o Einstein. No caso, dende logo, qu-as aparencias dos Michelson e Morley sexan verdadeiramente concluintes e se podian desfazer as dúbidas en col do Augusto Righi [9].

---

[7] Antonio Afliotta: La teoria di Einstein e le mutavoli prospettive del mondo - 1922.
[8] C. Cerf: Pour l'intelligence de la relativité - Berna philosophique (Juil-Aout), 1922.
[9] Luigi Carlo Massini: Le opere di un fisico italiano Thao Wulf. Einstein's Relativitätstheorie.

Mais a conceción mecánica do mundo é ista. Non se pode deixar do mundo a *qualidade* pra considerare somentes a *quantidade* se non por un artificio. A matemática emprega a treu o artificio e tén qu-empregalo, pois a *qualidade* non é mensurabel de seu, y-é un emprego lexítimo xa qu-é útile con tal que se decate dos seus lindeiros. Cando saile d-istes lindeiros e quérese levar o tirado dos cálculos matemáticos a outros tarreos traducindos, por eixempro en concetos philosóphicos fanse teorías que dan un pequenimento do universo eivado e insosteníbel. Como ben advirte o P. Gianfranceschi "O movimento d'un corpo non é... o topar o corpo en posiciós deseguida difrentes, mais é unha certa maneira de sere do corpo ou unha súa qualidade ou un seu estado. O sucesivo coller posiciós difrentes é un efecto d-aquel estado" [10]. Non podemos decatarnos do movimento (locale) dun corpo, mais que pol-o seu efecto ou cambeamento da súa posición "mais o conceto de movimento en sí mesmo, é outro do conceto do efecto devandito".

E xa Morus respondíalle a Descartes: "si eu estou sentado en acougo y-outro corre camiño aleixándose de mín y-esmorece de faterna, il é quen se move y-eu son quen apouso" [11]. Eisí é como n-este caso, pra valuare fixamente o feito d'un sucesivo alonxarse antre dous ouxetos (o individo que corre y-o que apousa) hay que ter conta dos fenómenos (senso d-ampeo, etc.) que non canxan n-as fórmulas matemáticas espresantes das relaciós locaes dos dous corpos. Pr-a matemática é indifrente parar n-o movimento dun d-iles ou d-o outro, mais non é o mesmo pros que queiran ter unha ollada philosófica, qu-é dicir compreta do fenómeno.

A teoría da relatividade é logo — pechando c-o P. Gianfranceschi — "relativa âs condiciós en que nos topamos y-â necesidade que temos de nos servir dos fenómenos lumiosos y-en xeral dos fenómenos eletromanéticos en todal-as mediciós que fagamos". Pra un aviscador que non tivera a dita necesidade, pra o aviscador Alfa, a relatividade einstenian non eisistiría.

A maneira como o tal oservador vira y-o tempo qu-il medira, terían de sere cada un o movimento y-o tempo asoluto.

A ollada do Einstein, xustamente por sere relativa non pode ter un valor no tarreo philosófico.

A philosophía no estudo da realidade ha facer conta de todo o donado, e non pode torar o elemento qualitativo do mundo — dende logo, por eixemplo na oservación interiore. A *qualidade* non é unha valeira aparenza que deba ser interpretada en función de movimentos locaes entendidos de calquera xeito; ela mesma é un elemento irreductibel do mundo. Eis porque as teorías do Einstein — que representan as derradeiras consequenzas do mecanismo — non teñen pra nós unha valoración philosófica. Son astraciós matemáticas, cicais feiticeiras, útiles y-agudas, mais d'iso non podemos agardar un afondamento no noso conocimento philosófico.

Dott. Prof. Lodovico Necchi
Ord. di Biologia nell'Universitá cattolica
1922

---

[10] Giuseppe Gianfranceschi: La teoria delle relativitá.
[11] H. Morus: Scrip philosophica: 1679, t. II, pg. 248. Descartes: Principes, II, 29 - Citata de Bergson: Durée et simultaneite: París, 1922, pg. 37.

NOTA: Dempois de lido o artigo do Prof. Necchi cumpría faguer algunhas advertencias sobre das ideas n-el espostas. Non era isto pra pouco e non é agora a ocasión mais con todo quero deixar dito qu-a parola idealismo ten n-a historea da Filosofía un complexo sinificado. Unha cousa é o idealismo crásico de Platón, outra o idealismo críteco do Kant, y-o idealismo trascendentale do Hegel. O Idealismo novo do que se fala diante da teoría de Einstein non é ningún d-eles, anque pode ser neto do idealismo críteco de Kant. O idealismo novo fillo do agnosticismo positivista y-o mesmo tempo nemigo d-el, que naceu pra separalo, ten moitos nomes nos derradeiros anos como filosofía da continxencia, filosofía da imanencia, pramatismo e demais, alcumes qu-encubrindo moitas difrenzas todos encerran a críteca do valore da cencia, y-asentan a suxetividade do conocimento escontra a oxetividade.

O Idealismo novo é unha dotrina filosófica relativista, mais o relativismo d-Einstein non é unha dotrina filosófica, é mais ben un método y-unha técnica pra traballar as cencias físecas co renovamento da matemática, e si o pensamento d-Einstein é algo en filosofía é todo o contrario do relativismo filosófico, terá de ser un pensamento asolutista e realista.

A separación da idea de *quantidade*—o suxeto á medición material da física e da matemática—da idea de *qualidade*, acrara moito o pranteamento d-estes probremas dos que por non cansarvos non digo mais agora.

"Nós", núm. 73, 15-I-1930.

ARTIGOS DE PRENSA

ARTIGOS DE PRENSA

NA MEMORIA DE AVELINA VALLADARES

Algo se ten escrito d-ela, mais non todo o qu-ela se merecía. Bastaron algunhas pequenas froles dos seus versos espallados n-algún periódico, n-algunha esquecida Revista, pra se decatar de todo o arrecendor do xardín qu-alá n-un recuncho da Ulla, coidaba caladiña y-agarimosamente o espirto craro e sereo de Avelina Valladares.

Foi unha muller da ergueita caste de Rosalía de Castro e de Concepción Arenal. Omilde e sinxela non quixo a pubricidade dos seus versos. Era un espirto familiar. A pracidez do descanso n-a súa terra dempois d-un longo apartamento en terras de León, limpouna de toda inquietude y-o ambente xeórxico e maino do seu país e da súa casa reflexouse n'a súa vida e n-os seus versos. Decía:

"D-este val deleitoso n-un recuncho
Loucuras doutro tempo recordando
As horas docemente vou pasando
Sin sentir que se van pra non volver."

Mais quen como ela escribíu esa xoia que se chama "A probe orfiña" demostra toda a escollida sentimentalidade que no seu curazón habia, y-a grandeza da súa alma de poeta.

Lémbrome da primeira vés que vin a Avelina Valladares; —tempos vellos de ledicias mozas!— n-aquela casa de Vilancosta chea de saúdade, inesquecibre, n-aquel paisaxe enmeigado... A limpa e nobre frente, os craros e lumiosos ollos, un falar todo sosego e dozura, qu-era feitizo dos nenos, y-ademiración dos grandes... Así era Avelina Valladares... Ainda hoxe despois de tantos anos a miña impresión d-aquela grande muller está viva no fondo azul da súa mirada e n-o sereo ritmo do seu falar.

Hirmá de Marcial Valladares, non era tan estreita a súa semellanza espritual. Marcial Valladares era un forte traballador, un verdadeiro constructor, tiña o sentido do investigador cheo de pacencia, e con outro ambente, e n-outros tempos tería de ser ainda mais do que foi: un dos primeiros refacedores da cultura galega, da fala, e do folk-lore da nosa terra. O seu nome é mais conocido, anda mais nos libros, qu'o da súa hirmá Avelina, mais na y-alma d'esta e n-as súas pequenas obras latexa a orixinalidade, o sentimento o *quid divinum* d-un arte instintivo, qué fan d-ela unha das mulleres escolleitas antr-o millor da nosa raza, qu-é a muller galega.

Os galegos d-hoxe non se decatan ben de todo o valor do traballo d-aqueles homes, d-aquelas mulleres qu-ainda sendo *señores*, escribían en galego, facendo erguerse do chan co-a luz do arte á fala omildosa, sinxela y-aldra-

xada, tan aldraxada como entonces o eran Galiza y-os galegos. Eran os tempos en qu-era mal crianza falar galego, en qu-os labregos tiñan vergonza de falar ós siñores como falaban á súa nai ou ós seus fillos. Tempos mouros xa pasados! Avelina Valladares foi un dos espirtos libertadores, como o seu irmán Marcial.

Alá no calado cimeterio de Berres car-o frolido val, á sombra da eirexa que fai voar as súas bateladas por aquelas veigas, regatos e piñeirales que tanto amou, durme o corpo de Avelina Valladares. O seu espirto está no Ceo. N-aquela casiña de Vilancosta, entre dous alciprestes mirando ó Pico Sacro, como Soles protectores, follas de rosiñas muchas conservando todo o seu cheirume, están os seus versos, moitos d-eles xa pubricados, outros que o han ser ou non, mais que non perden a súa forza por que han servir pra guiar ás novas ponlas do vello albre familiar no amor ó Ben e no amor a Galiza.

Y-así esta lembranza é tamén unha pregaria a Deus, pra que como deben ser todal-as lembranzas, sexa froitosa pr-o porvir.

Pontevedra, 17-X-1925.

"El Emigrado", A Estrada, 24-X-1925.

VALENTÍN LAMAS CARVAXAL

N-il falou a terra gallega. Ninguén coma il sintiu n-a y-alma a verdadeira emoción d'a vida d'os nosos campos, a vós d'os carreiriños, o dôce xerminar d'os eidos baixo o luar, as cántegas d'o traballo, y-a carón d'as ledas horas d'aldea os delores d'os labregois, a dör de Galicia. Foi a vós y-o queixume d'a Galicia enxebre.

Lamas Carvaxal cantaba e ría. Y-ó cantar eran os seus desexos un soño ideale d'unha Galicia nova surxindo d'a natureza campesia, d'os vales, e d'os curutos, forte e brincadeira n-o agarimo d'a terra. Y-ó rir era a sua risa azoute ou mallo pr'os esprotadores, y-as suas parolas como agullas qu'en fondas feridas facían sangue envolta en risadas, risadas ben cheas de leuciós, topando un eco n-os corazós labregos.

Ánima xenerosa é doída pol-as mágoas d'o corpo e pol-as inxusticias ollando perdida a nosa Galicia, non s'acedou o seu esprito e sempre arrecendían os seus versos, ainda con espiñas, a follas de castiñeiros e carballos, y-a froles d'as silveiras, d'as xestas aromosas, d'as rosas e d'os caraveles d'as solainas e foron as suas canciós *alalás* d'esperanza, y-as suas prosas feiticeiro esforzo d'artista qu'abría os camiños d'o renacemento gallego.

Deitáronse n-a morte d'a lús seus ollos, y-erguéronse aloumiñados co'a craridá d'unha vida aberta ós ensonos n-o colo d'armonía d'as veigas e d'os piñeirales, d'as lembranzas d'os groriosos feitos galicianos.

Sin petar á fama argalleira d'as cibdades e d'as loitas políticas o seu nome foi grorioso. Pol-as feiras, e pol-as romarías, festas d'o traballo e d'a Fé, de cote ledas, n-as corredoiras e n-as noites de parrafeos. O TÍO MARCOS levaba a Lamas Carvaxal d'unha veira a outra de Galicia y-eisí foi o mesmo esprito d'a terra nosa quen-o fixo imorrente.

N-o xardín d'o Posío d'Ourense váiselle erguer en pedra unha lembranza: homes d'a cibdá han-o ver n-os seus paseos con indefrencia y-as rapazas d'alta sociedade y-os nenos d'os ricos n-os seus esparxementos non terán pra il un agarimo, mais a terra en que se pousa o seu moimento fará rayolar á pedra pra que n-os corazós gallegos dea froitos de loita, e voluntade forte de sere mais gallegos pra sentirse mais fondamente homes.

E días que a imaxe de Valentín Lamas Carvaxal énchese de vida cando s'oye rezoar por Galicia levado n-os airiños e n-os fortes ventos o berro de: ¡Terra a nosa!

Orense, Mayo 1918.

O GRAN ARTISTA É DOS NOSOS

MANOLO QUIROGA

É unha realidade forte e definitiva n-o arte da múseca, mais aínda é unha esperanza pra nós os gallegos. O seu arte máxico é unha esperanza pra o despertare artístico d'a Galicia.

Cando n-o concerto d'Ourense os corazós d'a xente repetoutaban c'o son d'as cordas d'aquel violín baixado d'o ceo, en todol-os beizos coma en todal-as almas zoaba a Terra nosa e pedíase múseca d'a terra, *airiños d'a terra,* e n-a yalma de Quiroga, esprito gallego enxebre, pousábase a door. ¡Quén tivera agora, dicía, música gallega esquirta pra que non desmerecese â veira d'os maiestros crásicos! ¡Múseca gallega, esquirta pr'o violín! Eu non quero facer d'a nosa múseca, cantares de cego. Teñen as nosas melodías feitizo infinido, feitizo d'abondo pra facer d'os nosos cantares múseca eterna! —¡Pois a escribila!, díxolle alguén. —¡A escribila! Así dixo Manolo Quiroga, e por iso dígovos eu que pra nós, os gallegos, é o seu arte unha esperanza.

O grande artista gallego é un d'os nosos. Sinte y-ama a terra gallega con todo o fogo con que se lle debe amare â pátrea. Y-o lume que s'alcende n-a súa y-alma cando c'o seu violín espalla a armonía pol-os corazós, avívase sempre c'o forte vento d'as lembranzas de Galicia, co'a divina ispirazón d'o amor d'a terra nai, c'os agarimos qu'ela lle dera.

ENVÍO

A Galicia lle debes Quiroga, todo o teu temperamento cheo de sentimentalidá y-as millores cualidás d'o teu arte, y-a Galicia tes unha amorosa conta que lle pagare. Eisí como fas revivire o sotil espirto d'os crásicos co'a súa xeitosa melodía, y-abalas as cordas d'o teu violín desfollando as cadencias n-a armonía d'as notas, y-en escadas qu'ascenden e que baixan limpas e brilantes coma n-as gorxas d'os paxaros ou n-as brincadeiras augas d'un río, n-os *stacatos, armónecos e saltillos,* e daslle a leutura d'o teu curazón ôs románteco aires rusos, y-ós cantares bohemios, eisí a Nosa Terra pideche que os airiños e cántegas qu'aloumiñaron de neno os teus ensonos, e de home fan latexar o teu peito, resonen c'o teu aro alcendidos en lume gallego con toda a arte que tí sabes encher de feitizo pra desbotar en emozón de saudades e de bágoas. Galicia quer que sexas o meigo múseco d'a súa morriña e d'o renacemento.

"A Nosa Terra", núm. 59, 30-VI-1918.

RESURXIMENTO DAS HESPAÑAS

Sexa a festa de Sant-Yago, o Apóstol, pra nós, fillos da Galiza, unha festa d-amor e de fortaleza n-a que medra n-o tempo a armónica e limpa idealidade da Hespaña grande do porvir.

Quén fala de cativeces e baixas pasións, cando nós, galegos, n-este día coma n-os outros erguemos todo o espirto diante o Santo Xacobe, e diante o nome santo de Galiza? Quén di qu-os nosos sentimentos na fala nosa espresados non son mais que pequenas lerias ridículas n-o progreso e n-a forza dos pobos, ou criminaes frente á unidade do Estado?

Trátase d-unha cegueira, d-unha fondísima incomprensión contra a que polo visto non valen razós, que nunca parecen craras. Mais con toda craridade e pra que nos oyan aqueles que non nos comprenden ós galeguistas, é perciso que n-esta festa d-hoxe todo-l-os anos botemos o noso berro de "Sursum corda": "¡Ei os curazóns! "¡Terra a nosa"! ¡O verdadeiro patriotismo en nós está! ¡Y-o ideal hispanista!".

O grande ideal hispanista, que tan valeiro soa pra moitos, como vivo ideal dos pobos da Hespaña e dos pobos americáns fillos seus, en nós está n-a súa enxebreza e n-a súa fecundidade.

Como auga limpa que xurde antr-os penedos, sin dúbidas, nin distingos, nin subterfuxios o noso ideal patriótico saile do curazón da Terra, y-espállase n-unha aperta de hirmandade n-esta gran federación de pobos que se chamou as Hespañas, as Hespañas dos tempos groriosos, da historia e da leenda, da Relixión e da Cultura, do Mediterráneo e do Atlántico, das loitas e da saudade...

Resurrectio Hispaniarum! C-o espirto de Camoens, co-as ideas do P. Sarmiento tan cheos de instinto histórico, podemos decir c-o grande Maragall: "Escoita Hespaña, a vos dos fillos que che falan en lingua non castelán... Hespaña, Hespaña, pensa n-a vida qu-o redor tés. Y-ergue a túa frente car-os sete cores do iris".

Quén falou do espirto estreito e cativo dos galeguistas? O noso enxebrismo é o mais universal dos sentimentos. Com-o foi en todo-l-os hispanos que tiveron unha ollada longa, do destino dos pobos, en Xelmires e n-o Alfonso o Emperador, en Camoens poeta, en Feixóo qu-abría as portas de Hespaña a Europa... Co-este sentimento podemos decir ó mundo hispano lembrando a Schiller: "Abrazádevos millós de homes. Un bico n-o mundo enteiro".

Y-este é o xeito d-ofrecer ós nosos hirmáns, y-o Portugal, y-o Brasil y-ós outros pobos Hispano-americáns a confianza da mais estreita e libre hirmandade e da mais fonda cooperación.

O noso galeguismo dentro da grande Hespaña quere berrar a todo-l-os pobos da Península y-ós Hispano-americáns: "Están abertos os brazos y-os curazóns n-o degaro da xuntanza espirtual que nos pide a Historia e que cumpre o Porvir. Y-están abertos todo-l-os camiños da cultura, y-os do Norte, y-os do mar, os do traballo, y-os do ensono...

Sant-Yago, predicóu o Evanxelio n-a Peninsua como pelegrino d-amor no espirto de N. S. Xesucristo sin distinciós de linguas nin de costumes, y-asen-

tou a forte xuntanza dos pobos hispanos n-un ideal relixioso que dou vida á diversidade froitosa das linguas, das costumes e dos caracteres.

Lembrando ó Apóstol e seguindo o ideal, nós degaramos unha forte xuntanza que dentro de diversidade froitosa das linguas, das costumes e dos caracteres afirmada n-un forte Estado federativo nos leve a berrar: ¡Resurrectio Hispaniarum!

"Galicia", Vigo, 25-VII-1924.

COLLEITA DA LITERATURA ORAL

ROMANCE

Érase a filla d-un Rei
moi devota de María
que tres Rosarios rezaba
e todos tres cada día.
O primeiro de mañán
o segundo tras comida
o terceiro pol-a noite
cando todos xa dormían.
Rezando estaba unha ves
chégase a Madre diviña
e dille: ¿Qué fás devota?
¿que estás facendo infantiña?
—Señora rezo o Rosario
da nosa Reina diviña.
—Infanta vente conmigo
a unha longa romaría.
—Antes licencia pedir
vou a quen lle debo a vida.
Marchóuse de sala en sala
e de cociña en cociña
hasta a cámara mais alta
por onde o bon Rei dormía.
—Esperte, meu pai, lle dixo
que trayo grande noticia
pois dentro d-este palacio
espera a Reina diviña
e quere vaya con ela
a unha longa romaría.
—Entonces os meus palacios
pra mín soilo sobrarían.
—Ôs probes darllos, señor,
eu ben llo consellaría.
Por te levar quen te leva
vaite con Dios miña filla.

.....

Fóronse ô monte Calvario
onde Cristo tal sofrira
ond'a cobra asubiaba
e a serpente respondía.

Ô que chegaron alí
dixo a Señora diviña
—Infanta aquí pasarás
sete anos mais un día;
mandareiche por un ánxel
a fartura que cumprira
e por a branquiña pomba
moi cobizosa bebida.
Así que pasou o tempo
volveu a Virxe María
e preguntoulle surrindo
—¿Como, che foi, miña amiga?
—Foime ben, gracias a Dios
e â Reina que me sostiña.
—Tres estadiños ch'ofrezo
de todos a milloría.
Se queres o de casada
marido tés enseguida.
Se queres entrar de monxa
convento che busco axiña.
Se queres rubir ô ceo
a man che dará María.
—Casada non quero ser
nin en convento acollida.
Eu quero rubir ô ceo
que non vexo millor vida.
Tocan as campás, bon Rei
e ben tocan de alegría
por aquela vosa infanta
que para o Ceo camiña.

NOTA: No mes de San Xoan de 1898 o ilustre Alfredo Brañas recolleitaba materiás pra unha Historia da Literatura Galega que había ter de seis a sete volumes de 400 páxinas cada ún, escomenzando pol-a época céltica. En carta a Marcial Valladares espoñía o seu pensamento, e pedíalle o favorecese tomándolle todo canto tivese a mán referinte â Ulla. Valladares xa vello de 77 anos, mais traballador de cote e cheo de vountade mandoulle a Alfredo Brañas un feixe de notas, antr-as que está o Romance que agora se pubrica e que non sabemos si ainda está inédito.

Qué foi de todo o material que Brañas debeu xuntar e pra o que se valeu dos Párrocos, maestros, etc.?

O Romance foi recolleito d-unha labrega de Moalde (Silleda) que ainda fai poucos anos morreu. De xeito popular vese n-el a mistura erudita e sobre de todo a infruenza eclesiástica tan do noso arte popular.

"Nós", núm. 64, 15-IV-1929.

BIBLIOGRAFÍA SOBRE LOSADA DIÉGUEZ

FILGUEIRA VALVERDE, Xosé. *La muerte de Losada Diéguez.* "Diario de Pontevedra", 16-X-1929. *Unha lección de Lousada Diéguez.* "Nós", 15-XI-1929. *Los centenarios de Losada Diéguez y de Risco.* "Ya", 24-XII-1984.

VILLAR PONTE, Antonio. *Exemplos. Na morte dun bó irmán.* "Pueblo Gallego", 17-X-1929.

SESTO, Xosé. *Losada Diéguez.* "Acción", 17-X-1929.

"Antón Lousada Diéguez". "A Nosa Terra", núm. 266, 1-XI-1929.

"Antón Lousada Diéguez". "Nós" (número adicado a el), 71, 15-XI-1929.

"Don Antonio Losada Diéguez". "Boletín de la Real Academia Gallega", número 222, 1-XII-1929.

OTERO PEDRAYO, Ramón. *O Libro dos Amigos.* Buenos Aires, 1951, pp. 33-36.

GONZÁLEZ BERAMENDI, Justo. *Losada Diéguez, Antonio.* Item en "Gran Enciclopedia Gallega", t. 19, pp. 182-184.

DURÁN, José Antonio. *Antonio Losada Diéguez, la derecha gallega y los nacionalistas.* "Crónicas-3". Akal, Madrid, 1981, pp. 263-303.

OTERO, Isaac. *Presencia do Centenario de A. Losada Diéguez.* "Diario de Pontevedra", 13-X-1984.

REGUEIRA, R.; PÉREZ, F.; GARCÍA, D.; AIAN, M. *Antón Losada. Teoría e Praxe.* "Asociación Socio-cultural Galega". Galicia Editora. Ourense, 1984, 174 p.

Homenaxe a Antón Losada Diéguez. Exm.º Concello de O Carballiño. A. G. Galicia. Vigo, 1984. Contén: *Achegamento á súa vida e obra. Traballos de A. Losada. Traballos sobre el* de Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Fariña Jamardo, Chamoso Lamas, González Tosar, Rodríguez Pampín. *Lembranza Literaria de Antón Losada:* Antón Tovar, Ramiro Fonte, Dela Arias.

LOSADA, Xoaquín. *Letras Galegas 85. Antón Losada Diéguez, un de nós. (Relembro dende a Igrexa Galega).* "Encrucillada", núm. 42. Marzo-abril 1985.

Está en prensa o libro que recolle as conferencias do ciclo do Museo do Pobo Galego no Centenario, pronunciadas por Filgueira Valverde, Luis Losada Espinosa, Xosé A. Durán, Ramón Villares Paz e Justo González Beramendi, e unha Biobibliografía moi amplia de este último, con moitos traballos e datos inéditos.

REXISTRO

	Páxs.
PRÓLOGO	7
ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ	9
CRONOLOXÍA DA VIDA E DA OBRA DE A. LOSADA DIÉGUEZ	21
ESCOLMA DOS ESCRITOS DE LOSADA DIÉGUEZ	25
LÍRICAS	27
NARRACIÓNS	35
TEATRO	47
ENSAIOS	61
ARTIGOS DE PRENSA	75
COLLEITA DA LITERATURA ORAL	83
BIBLIOGRAFÍA SOBRE LOSADA DIÉGUEZ	87

Esta edición
saíu do prelo
en "Artes Gráficas Galicia, S. A.",
Segovia, 15, Vigo,
o 17 de maio de 1985,
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

REAL
A
3
Bi

L ACA
GALEG
CORR
25 1
Bibliot